



Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O monte e o conxunto do medio rural é un patrimonio esencial para o desenvolvemento sustentábel dun país. Especialmente, en Galiza, onde os terreos de monte constitúen máis do 65% da súa superficie e onde integrados con eles, hai 314 municipios cuns 31.550 nucleos de poboación, máis do 90% deles cunha poboación inferior aos 500 habitantes.

Ao longo dos dez últimos anos, houbo en Galiza unha media de 10.000 incendios forestais que representan o 50 % de todo o Estado español. A superficie media afectada supera as 32.000 has. no mesmo período e representa máis do 26% da superficie estatal queimada.

Un elemento característico do acontecido nos últimos decenios no espazo rural galego é o progresivo despoboamento que provocou o abandono de terras cultivadas en moitas zonas do interior de Galiza. Hoxe o mato chega ata as casas de moitos núcleos rurais e a súa eliminación mediante a queima incontrolada xera unha gran cantidade dos lumes que se producen no noso país.

Esta situación débenos facer conscientes de que os incendios forestais no medio rural constitúen unha grave ameaza para calquera política seria de desenvolvemento rural, ademais de comprometer a sustentabilidade económica e social de Galiza.

A política de defensa do medio rural contra os incendios, pola súa vital importancia para o País, non pode ser implementada de forma illada, senón integrándose nun contexto máis amplo de planificación do territorio e de desenvolvemento rural, comprometendo a todas as administracións e moi especialmente aos cidadáns.

O espazo rural galego ten unha configuración específica que dificulta a súa protección contra os incendios forestais, entre outras, estas características son a fragmentación da propiedade, o desequilibrio entre zonas, abandono da agricultura e gandaría extensiva e a progresiva transformación das parcelas agrícolas fragmentadas en terreos de monte o que ademais conleva o illamento de moitos núcleos de poboación.

Estas situacións van unidas a outros factores que contribúen a que en certas zonas se produzan moitos dos incendios forestais, como é o mantemento de usos do lume como ferramenta para diversos usos no medio rural e os desequilibrios na ordenación do territorio.



II

Ao longo dos últimos anos vimos asistindo ademais a unha crecente proliferación de incendios na interfaz urbano-forestal, isto é, nas áreas que abranguen o perímetro común entre os espazos forestais e os núcleos de poboación habitados, sendo esta situación excepcional no ano 2006, onde houbo unha afección de 788.160 metros lineais nesa área e un total de 9.262 entidades de poboación afectadas.

Alén das políticas e medidas de organización territorial de carácter estrutural que axudarían a evitar esta situación, cómpre adoptar a curto prazo actuacións que controlen a existencia de biomasa vexetal con alto potencial combustíbel nas proximidades dos núcleos de poboación, asegurando a súa retirada e remoción con anterioridade á época de perigo de incendios, ben a través da obrigación aos propietarios ben por medio da execución subsidiaria, a través de procedementos áxiles, por parte das administracións públicas.

Xa que logo a desorganización do territorio obriga a termos que asumir a curto e medio prazo, a estratexia de defensa do rural contra os incendios pasa pola defensa primordial das persoas e dos bens xunto á defensa dos recursos forestais.

III

O marco normativo xeral de referencia en materia de prevención e incendios forestais vén determinado por diversa normativa de ámbito comunitario e estatal que convén desenvolver e adaptar á nosa realidade, tendo en conta as competencias previstas nos artigos 27.10º do Estatuto de autonomía de Galiza, 148.1.8º e 149.1.23º da Constitución de 1978.

A nivel comunitario a materia de defensa do monte contra os incendios ven sendo regulada polo Regulamento CEE 2158/92 do Consello, relativo a protección dos bosques comunitarios contra os incendios, e o Regulamento CE 2152/2003 do Parlamento europeo e do consello, sobre o seguimento dos bosques e das interaccións mediambientais na comunidade (Forest Focus)

Os artigos 43, 44.3, 48 e 50 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes, modificada pola Lei 10/2006, de 28 de abril, atribúen ás Comunidades Autónomas facultades para desenvolver aspectos da defensa contra incendios forestais que até o de agora foron aplicados en Galiza por medio de Regulamentos mais non con normas de rango de Lei, polo que convén superar esa situación, dotándonos dese marco regulador legislativo que contribúa a afortalar a seguridade xurídica das administracións públicas galegas e dos cidadáns na prevención e defensa contra incendios forestais.

Por outra banda, coa entrada en vigor da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes, recopulouse no seu Título VII o réxime sancionador nesa materia, sen prexuízo do que dispoña ao respecto a lexislación autonómica. Non obstante, a norma antes citada non establece atribucións competenciais concretas para a imposición das sancións e medidas que prevé, limitándose no seu artigo 73.1 a conter unha indicación recoñecendo a facultade aos órganos da Comunidade Autónoma que teñan atribuída a competencia en cada caso. Tendo



en conta esta circunstancia, faise necesario realizar o desenvolvemento desa atribución competencial na presente lei.

A prevención e defensa de incendios forestais atópase tamén incluída no campo da protección civil, cuxa normativa está esencialmente contida na Lei 2/1985, de 21 de xaneiro, de Protección Civil, no Real Decreto 407/1992, de 24 de abril, polo que se aproba a Norma Básica de Protección Civil, e no Acordo do Consello de Ministros de 18 de marzo de 1993, polo que se aproba a Directriz Básica de Planificación de Protección Civil de Emerxencias por Incendios Forestais.

A lexislación en materia de réxime local tamén regula as competencias en materia de protección e defensa contra incendios forestais dos entes locais, en concreto nos artigos 80.2,c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galiza e 25.2,c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

IV

A presente lei ten como un dos seus obxectivos actualizar o réxime xurídico da loita contra os incendios no medio rural, integrando nel a prevención, a extinción e a rexeneración das áreas incendiadas ademais da protección da poboación e das infraestruturas, pois unicamente considerando estas catro alineas de actuación no seu conxunto será posible garantir un tratamento homoxéneo e eficaz do problema.

O sistema de defensa contra os incendios no medio rural exposto nesta lei identifica os obxectivos e recursos e tradúcese nun modelo activo, dinámico e integrado, encadrando nunha lóxica de medio e longo prazo os instrumentos dispoñíbeis, cos seguintes criterios básicos:

1. Promover a xestión activa dos montes e o principio de corresponsabilidade mediante a aplicación dunha taxa de extinción así como a oferta de exencións, axudas e incentivos.
 - a) Así, no título adicado ao financiamento e os incentivos, recoñécese, dunha parte, a necesidade de apoiar desde a Administración as actividades dos titulares dos montes, cuxas obrigacións en materia de prevención non sempre resultan proporcionadas coa rendibilidade económica das súas propiedades e, doutra, a obrigación dos administrados de contribuír ao mantemento dos servizos dos que se benefician directamente.
 - b) Para facer efectiva esta última, créase a Taxa de Extinción de Incendios Forestais, figura impositiva que repercute nos titulares dos montes o custo de extinción dos incendios, por aplicación dunha tarifa referida aos medios empregados en cada caso, aínda que modulada coa fixación de límites correctores que impiden desviacións do principio de proporcionalidade.
 - c) O obxectivo é estimular a adopción de medidas preventivas de incendios forestais, non de implementar medidas con afán recadatorio, pois aqueles propietarios que cumpran coa planificación preventiva gozarán de exencións no pago da taxa.



2. Organizar a xestión de biomasa combustíbel en zonas estratéxicas unido á construción e mantemento de faixas exteriores de protección de zonas poboadas, tratamento de áreas forestais nun esquema de mosaico e de intervención silvícola, no ámbito das dúas dimensións que se complementan, a defensa de persoas e bens e a defensa dos montes.
3. Reforzar as estruturas de extinción e de prevención dos incendios forestais.
4. Ampliar os esforzos de educación, sensibilización, divulgación e extensión agroforestal para a defensa do medio rural contra os incendios e para o uso correcto do lume nestes lugares.
5. Adoptar estratexias de rehabilitación de áreas ardidadas.
6. Reforzar a vixilancia e a fiscalización e aplicación do réxime sancionador instituído.

V

A presente Lei, tendo en conta a experiencia acumulada, incorpora novidades no ámbito da defensa contra incendios forestais no eido da planificación, da xestión de combustíbeis vexetais e na intervención das administracións públicas e dos particulares.

1. O establecemento dunha planificación en tres niveis, autonómico, de distrito e municipal, co obxecto de asegurar a consistencia territorial das políticas, instrumentos, medidas e accións, nunha lóxica de colaboración entre tódalas administracións e cidadáns.
A planificación, vaise realizar a través dun instrumento PLAN DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DE GALIZA, (PLADIG), o cal engloba a planificación preventiva mais a operacional. Esta planificación tende a contemplar o problema no seu conxunto e permitirá axilizar e coordinar de maneira mais efectiva as intervencións preventivas e as de extinción de todos os organismos con competencias na loita contra incendios en Galiza.
2. A novidade das redes de xestión de combustíbeis, coa delimitación de responsabilidade das entidades e particulares senta as bases dunha planificación nova no ámbito da defensa de persoas e bens e da defensa dos montes.
3. A regulación da intervención na extinción de entidades locais e propietarios.
4. A definición dun cadro xurídico que permite e acelera a intervención da administración, sobre todo no que atinxe á retirada de material combustíbel nas zonas próximas aos núcleos rurais antes da época de perigo de de incendios.
5. A contemplación de formas de intervención substitutiva dos particulares e administracións públicas en caso de incumprimento.
6. A axilización da fiscalización do cumprimento destas accións.
7. O establecemento do réxime sancionador.
8. A implantación dunha taxa pola extinción.
9. A regulación dun réxime de incentivos aos propietarios forestais, especialmente a aqueles afectados polígrafas preventivas nos planeamentos.



TÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

CAPÍTULO I XENERALIDADES

Artigo 1. Obxecto da Lei.

A presente Lei ten por obxecto defender os montes ou terreos forestais face aos incendios e protexer as persoas e os bens por eles afectados, promovendo a adopción dunha política activa de prevención coordinada de todas as administracións públicas baseada en:

- Actuar nos montes e áreas colindantes mediante os tratamentos axeitados do combustíbel vexetal.
- Promover a actuación coordinada de todas as Administracións Públicas competentes en materia de prevención e defensa contra incendios forestais.
- Compatibilizar e regular os aproveitamentos e transformacións do monte e zonas agrarias colindantes coa finalidade de evitar os incendios.
- Establecer as condicións para a protección dos asentamentos rurais respecto dos incendios forestais, no marco dunha política integral de desenvolvemento rural.
- Regular as repoboacións forestais co propósito de ordenar as novas repoboacións nos perímetros dos asentamentos de poboación e de actuar en unidades de xestión rendíbeis e que contén coa axeitada planificación preventiva.
- Regular a redacción dos diferentes plans de prevención e defensa e a coordinación entre as distintas administracións.

Artigo 2. Definicións

Aos efectos da presente Lei, defínense os seguintes termos:

1. Monte ou terreo forestal: todo terreo no que vexetan especies forestais arbóreas, arbustivas, de matogueira ou herbáceas, sexa espontaneamente ou procedan de sementeira ou prantación, que cumpran ou poidan cumprir funcións ambientais, protectoras, produtoras, culturais, paisaxísticas ou recreativas.

Teñen tamén a consideración de monte ou terreo forestal os demais terreos descritos no artigo 5 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

Non terán a consideración de monte ou terreo forestal os terreos adicados ao cultivo agrícola, o solo urbán, os núcleos rurais e o solo urbanizábel delimitado, incluíndo a canle e a zona de dominio público hidráulico destes solos, e aqueles outros excluídos pola normativa vixente, así como os terreos rústicos de protección agropecuaria.

2. Incendio forestal: o lume que se estende sen control sobre combustíbeis forestais situados no monte ou terreos forestais, incluíndose os enclaves forestais localizados en terreos agrícolas calquera que for a súa extensión.

3. Queima: lume que se estende de xeito controlado sobre terreos agrícolas e forestais nos que sexa imprescindible facer uso do mesmo.

4. Terreos queimados: aqueles que foran afectados por un incendio forestal.

5. Forestal: todo o relativo aos montes.



- 6. Repoboación forestal:** introducción de especies forestais nun terreo mediante sementeira ou plantación. Pode ser forestación ou reforestación.
- 7. Forestación:** repoboación, mediante semente ou plantación, dun terreo que era agrícola ou estaba adicado a outros usos non forestais.
- 8. Reforestación:** a reintrodución de especies forestais, por medio de semente ou plantación, en terreos que xa estiveron poboados forestalmente até épocas recentes mais que quedaron rasos por mor de talas, incendios, vendavais, pragas, enfermidades ou outros motivos.
- 9. Restos capaces de producir un risco de incendio:** aqueles materiais de fácil combustión e elevada inflamabilidade que poidan orixinar ou facilitar a propagación dun incendio forestal, tales como as leñas, pólas, cortizas ou similares que se xeran logo do aproveitamento das masas forestais.
- 10. Zona de influencia forestal:** as áreas estremeiras que abrnaguen unha franxa circundante dos terreos forestais cunha anchura de 400 metros.
- 11. Xestión de combustíbeis:** a creación e manutención da descontinuidade horizontal e vertical da carga combustíbel nos espazos rurais, a través da modificación ou da remoción parcial ou total da biomasa vexetal por medio do emprego das técnicas máis recomendadas coa intensidade e frecuencia adecuadas para o cumprimento dos obxectivos previstos nos espazos intervidos xestionados.
- 12. Rede de faixas de xestión do combustíbel:** o conxunto de parcelas lineais do territorio estratexicamente localizadas, onde se garante a remoción total ou parcial da biomasa forestal, a través da súa afectación a usos non forestais e do recurso a determinadas actividades ou a técnicas silvícolas co obxectivo principal de reducir o período de incendio.
- 13. Rede de infraestruturas de apoio á extinción:** o conxunto de infraestruturas e equipamentos afectos ás entidades responsábeis na defensa e loita contra incendios forestais.
- 14. Detección de incendios:** A identificación e localización precisa das ocorrencias de incendio forestal con vista á súa comunicación rápida ás entidades responsábeis pola súa extinción.
- 15. Índice de risco temporal de incendio forestal:** A expresión numérica que traduza o estado dos combustíbeis forestais e da meteoroloxía, de modo que se poidan prever as condicións de inicio e propagación dun incendio.
- 16. Instrumentos de xestión forestal:** Os plans de xestión forestal (PXF), os proxectos elaborados no ámbito dos diversos programas públicos de apoio ó desenvolvemento e protección dos recursos forestais, así como todos os proxectos que se someten á aprobación da administración no ámbito da lexislación forestal.
- 17. Mosaico de parcelas de xestión de combustíbel:** O conxunto de parcelas do territorio no interior dos compartimentos definidos polas redes primaria e secundaria, estratexicamente localizadas, onde a través de accións de silvicultura se procede á xestión dos varios estratos de combustíbel e á diversificación da estrutura e composición das formacións vexetais co obxectivo primordial de defensa do monte contra os incendios. O mosaico de parcelas de xestión de combustíbel poderá estar tamén situada fora do monte en parcelas non forestais formadas por diferentes tipos de cultivos agrícolas, situadas arredor dos núcleos poboados e outras infraestruturas.
- 18. Época de alto risco de incendios:** O período durante o cal estean en vigor medidas e accións especiais de prevención contra incendios forestais, por forza de circunstancias meteorolóxicas excepcionais.



19. Especies pirófitas: Aquelas especies arbóreas, arbustivas ou subarbustivas que veñen recollidas no Anexo da presente Lei, as cales en virtude da súa inflamabilidade, combustibilidade ou o seu comportamento posterior ao incendio contribúen á propagación deste e/ou dificultan os labores de prevención e extinción.

20. Unidade de xestión forestal: A superficie forestal, cunha extensión mínima de 25 hectáreas, que vén obrigada a manter un instrumento de xestión forestal e unha rede de infraestruturas preventivas básicas e será obxecto de priorización preferente nas accións de fomento forestal.

21. Faixas de protección dos núcleos de poboación: A superficie que abranguen os terreos forestais e áreas estremeiras co obxecto de protexer especialmente o espazo rural e os núcleos de poboación dos incendios nunha franxa de 50 metros ao redor de calquera edificación, urbanización, obras, instalacións industriais, eléctricas ou infraestruturas de transporte.

22. Núcleos de poboación:

Artigo 3. Obrigações xerais.

1. Toda persoa deberá extremar o cuidado do monte na realización de usos ou actividades no mesmo, respectando as prohibicións, limitacións ou normas establecidas ao efecto na presente Lei e na súa normativa de desenvolvemento.
2. Toda persoa ou entidade deberá prestar a colaboración requirida polas autoridades competentes na loita contra os incendios forestais e para a adopción de medidas de prevención ou protección, que incluíra a xestión dos combustíbeis vexetais nos termos da presente Lei.
3. Os propietarios, arrendatarios, usufrutuarios de terreos forestais e das zonas de influencia forestal teñen a obriga de manter os mesmos en condicións que contribúan a prever ou evitar os incendios forestais, en especial as relativas á xestión da biomasa vexetal e das especies pirófitas nas faixas de protección dos núcleos de poboación e nas áreas colindantes coas redes de comunicación, redes e instalacións eléctricas e de almacenamento de hidrocarburos e residuos perigosos, podendo incorrer en responsabilidade no caso de incumpriren as obrigas de xestión de combustible se por ese motivo se incrementase ou agravase o risco de propagación de incendios forestais.
4. A realización de actividades que poidan levar parello o risco de incendios forestais, tanto nos terreos forestais como nas áreas colindantes, axustarase ao disposto na presente Lei e na súa normativa de desenvolvemento.

CAPÍTULO II ORGANIZACIÓN

Artigo 4. Sistema de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais de Galiza.

1. O Sistema de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais de Galiza (en diante SPDIG) está formado polo conxunto de medidas e accións estruturais e operacionais dirixidas á prevención e protección do monte contra os incendios forestais. Estas medidas e accións comprenden a sensibilización, planificación, ordenamento do espazo forestal e agrario, silvicultura, infraestruturas, vixilancia preventiva, detección, combate e fiscalización a levar a cabo polas administracións e entidades implicadas no ámbito da defensa contra os incendios forestais.



2. A planificación preventiva pasa a ser un elemento estrutural fundamental deste sistema que se asenta na actuación concertada de todas as administracións actuantes no ámbito da defensa contra os incendios forestais.
3. É competencia do SPDIG o mantemento dun sistema de xestión dos incendios forestais e de levar un rexistro cartográfico e informático das superficies queimadas.
4. Para integrar toda información necesaria no sistema referido no número anterior, regularase e normalizárase o sistema de toma de datos, así como as súas fontes por Orde da consellaría con competencias en materia forestal.

Artigo 5. Órgano competente.

1. Corresponde á Administración galega a xestión e dirección do SPDIG.
2. As competencias da Administración galega en materia de incendios forestais exerceranse pola Consellaría competente en materia forestal.

Artigo 6. Competencias da Comunidade Autónoma.

Corresponde á Xunta de Galiza:

- a) Establecer a política xeral de prevención e loita contra os incendios forestais.
- b) Elaborar e aprobar o Plan Galego de prevención e defensa do espazo rural face aos incendios forestais (PLADIG), así como os Planos de prevención e defensa contra incendios dos distritos forestais (PDID).
- c) Establecer as zonas e épocas de perigo de incendios forestais.
- d) Programas e executar actuacións de prevención e loita contra os incendios forestais.
- e) Establecer as medidas de prevención e loita contra os incendios forestais que sexa necesario adoptar tanto pola Administración como polos particulares e asegurar o seu cumprimento.
- f) A xestión das redes primarias e secundarias de faixas de xestión do combustíbel nos termos da presente Lei.
- g) A ordeación da xestión do combustíbel vexetal nos termos dos artigos 21, 22 e 23 da presente Lei.
- h) Regular as actividades susceptíbeis de provocar incendios forestais, así como autorizar o uso do lume e a realización de actividades xeradoras de risco de incendios forestais nos termos previstos na presente Lei.
- i) Coordinar as actuacións das administracións públicas e dos particulares nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais e promover mecanismos de participación social nas devanditas tarefas.
- l) Proceder á execución directa de traballos preventivos nas faixas de protección dos núcleos de poboación, sen necesidade de requerimento previo, cando se declarase un incendio forestal que supoña un risco inminente para as persoas e os bens.
- m) A actuación inspectora sobre a realización efectiva dos traballos incluídos no planeamento preventivo e a instrución dos expedientes sancionadores que no seu caso proceda.
- n) Velar pola recuperación dos terreos incendiados e o cumprimento das medidas que a tal efecto se establezan.
- o) Desenvolver campañas e actividades de educación e información para a sensibilización da cidadanía no relativo ao combate dos incendios forestais e á persecución das actividades delitivas ou negligentes que causan os incendios forestais.



Artigo 7. Competencias das entidades locais.

Corresponde aos concellos e a outras entidades locais:

- a) Elaborar os Planos de prevención e defensa contra incendios municipais (PDIM).
- b) Integrar os Planos de prevención e defensa contra incendios municipais (PDIM) nos Planos de Emerxencia Municipais (PEMUs).
- c) Adoptar as medidas de prevención de incendios forestais que lles correspondan en terreos da súa titularidade.
- d) Asignar os recursos propios aos labores de extinción e colaborar coa dirección técnica do combate contra incendios forestais.
- e) A xestión das redes secundarias de faixas de xestión de combustíbel nos termos da presente Lei.
- f) A ordeación da xestión do combustíbel vexetal nos termos dos artigos 21, 22 e 23r da presente Lei.

Artigo 8. Cooperación administrativa.

As administracións públicas cooperarán entre sí e colaborarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición nos termos da presente Lei.

TÍTULO II

PLANEAMENTO DA DEFENSA DO ESPAZO RURAL FACE OS INCENDIOS FORESTAIS

CAPÍTULO I

ELEMENTOS BÁSICOS DO PLANEAMENTO

Artigo 9. Épocas de perigo e Índice de risco diario de incendio forestal

1. En consideración aos antecedentes históricos sobre o risco de aparición de incendios forestais en Galiza e sobre a incidencia das variábeis meteorolóxicas no comportamento do lume, a Consellaría con competencias en materia de montes, de acordo co historial de ocorrencias de incendios, definirá épocas de perigo alto, medio e baixo, que condicionarán a intensidade das medidas a adoptar para a defensa do territorio de Galiza segundo establecido no artigo 2 da presente lei. A Consellaría con competencias en materia de montes, establecerá anualmente, as datas correspondentes a cada Época de Perigo.
2. O índice de risco diario de incendio forestal (IRDI) establece, para cada unha das épocas de perigo, o risco diario de ocorrencia de incendio forestal, cuxos niveis son baixo (1), moderado (2), alto (3), moi alto (4) e extremo (5).
Este índice establececese conxugando a información do índice de risco meteorolóxico co estado dos combustíbeis vexetais e o estado dos solos.
3. O índice de risco temporal de incendio forestal é elaborado pola Consellaría con competencias na materia de montes e será divulgado nos termos previstos no artigo 33.3 da presente Lei.



4. O Índice de risco diario de incendio forestal, establecerase dacordo coa coherencia territorial-climática, e alo menos realizárase para as zonas da Franxa atlántica, Costa Norte e Galiza Interior. A delimitación das citadas zonas será establecida por Orde da Consellaría competente en materia forestal.

Artigo 10. Zonificación do territorio segundo o risco espacial de incendio forestal.

1. Para efectos da presente lei, e con base a criterios da información histórica sobre a ocorrencia de incendios forestais, vulnerabilidade poboacional, ameazas aos ecosistemas forestais e a protección do solo fronte á erosión, clasifícase o risco espacial de incendio forestal en Galiza en zonas de baixo perigo, de medio perigo e alto risco de incendio forestal.
2. Tendo en conta os parámetros definidos no número anterior, a zonificación de Galiza segundo a probabilidade de ocorrencia de incendio forestal é aprobada por Orden do Conselleiro con competencias en materia forestal.

Artigo 11. Zonas de Alto Risco.

1. Son as superficies onde se recoñece ser prioritaria a aplicación de medidas máis rigorosas de defensa contra os incendios forestais ante o elevado risco de incendio forestal pola especial frecuencia ou virulencia dos incendios forestais ou a importancia dos valores ameazados.
2. Estas zonas serán identificadas e delimitadas a nivel de parroquia, municipal e provincial no PLADIG e nos planos de distrito correspondentes, e para cada unha delas elaborárase un plano de defensa nos termos do artigo 16.4 da presente lei.
3. Tendo en conta as repercusións que ten a súa calificación, as zonas de especial risco son definidas por Orde da Consellaría con competencia en materia forestal.

CAPÍTULO II PLANEAMENTO DA DEFENSA DO ESPAZO RURAL

Artigo 12. Planeamento da defensa do espazo rural e periurbán face os incendios forestais

1. Asegurando a consistencia territorial de políticas, instrumentos, medidas e accións, o planeamento da defensa do espazo rural fronte aos incendios forestais ten un nivel galego, de distrito, municipal así como un nivel local que indicará, neste último, o planeamento dun monte ou un espazo concreto mediante un instrumento de xestión.
2. O planeamento autonómico, a través do Plan Galego de prevención e defensa do espazo rural fronte aos incendios forestais, (PLADIG) organiza o sistema, define a visión, a estratexia, eixes estratéxicos, metas, obxectivos e accións prioritarias.
3. O planeamento a nivel de distrito forestal, a través dos plans de prevención e defensa contra incendios dos distritos forestais (PDID) caracterízase pola seriación e organización das accións e dos obxectivos definidos no PLADIG á escala distrital.
4. O planeamento municipal, integrará nos Plans de Emerxencia Municipais (PEMUs) as actuacións de prevención e defensa contra incendios forestais do municipio, a través de plans específicos (PDIM) e deberán cumprir as orientacións e prioridades establecidas nos PDID.



5. No nivel local os instrumentos de xestión específicos terán en conta o establecido nos PDID e, en todo caso, o establecido con carácter xeral no PLADIG.

Artigo 13. Plan de Prevención e Defensa contra os incendios forestais de Galiza.

1. O Plan de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais de Galiza (PLADIG) define os obxectivos xerais de prevención, vixilancia, detección, organización do ataque, combate, liquidación e restauración nunha planificación sistemática e transversal da defensa contra incendios forestais.
2. O PLADIG é un plan plurianual, que terá unha duración de 4 anos e será sometido a avaliación anual, e nel están reflectidas a política e as medidas para a defensa do espazo rural, englobando os plans de prevención, sensibilización, vixilancia, detección, extinción, recuperación de áreas ardidias, investigación e desenvolvemento, soporte cartográfico, coordinación e formación dos medios e axentes do servizo, así como unha definición clara de obxectivos e metas a acadar, a programación das medidas e accións, orzamento e plan financeiro así como os indicadores da súa execución.
3. A elaboración, contido e determinacións do PLADIG realizarase consonte o previsto na lexislación básica de protección civil e de montes vixentes.
4. O PLADIG debe conter as orientacións básicas a concretar nos planos dos distritos, reflectíndose nos niveis subseguintes do planeamento.
5. O PLADIG é elaborado pola Consellaría competente en materia forestal e aprobado polo Consello da Xunta de Galiza.
6. Nos anos seguintes á súa aprobación, e mentres manteña a súa vixencia, deberá ser actualizado naqueles aspectos que sufran variacións, sendo incorporadas ditas modificacións ao documento inicial e aprobadas polo Consello da Xunta de Galiza.
7. As determinacións esenciais do devandito Plan serán publicadas anualmente pola Consellaría competente en materia forestal e publicadas na súa páxina web nos termos que se fixen regulamentariamente.

Artigo 14. Plan de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais de Distrito.

1. O planeamento de prevención de distrito (PDID) desenvolve as orientacións previstas na planificación en materia forestal, agraria, ambiental establecidas no PLADIG concretando a estratexia de distrito.
2. A elaboración dos PDID corresponde ás Delegacións Provinciais da consellaría competente en materia forestal, sendo aprobados polo conselleiro ou conselleira competente en materia forestal.
3. Os PDID conteñen as accións necesarias para a defensa contra incendios forestais e mais alá das accións de prevención, inclúen a previsión e a programación integrada das intervencións das diferentes entidades implicadas no operativo contra incendios forestais.
4. Para a elaboración, coordinación e a actualización continua do planeamento do distrito contra incendios forestais estableceranse os mecanismos de participación das diferentes administracións, entidades, empresas e propietarios.
5. As zonas colindantes entre os diferentes distritos, planificaranse mantendo a coherencia prevista no PLADIG.
6. Os PDID son executados polas diferentes entidades ou particulares afectados, en concreto os propios distritos, propietarios, empresas e industrias forestais.



7. Os Distritos poderán crear e implementar programas especiais de intervención no ámbito dos plans de defensa para áreas forestais contiguas a infraestruturas de elevado valor estratéxico e para áreas forestais estratéxicas de elevado valor.
8. As áreas referidas no número anterior designaranse, a proposta das Delegacións Provinciais por Orde da Consellaría competente en materia forestal, oída a Consellaría con competencias en materia de medio ambiente.

Artigo 15. Planeamento municipal e inter municipal de prevención e defensa contra incendios forestais.

1. O planeamento municipal farase no ámbito dos (PEMUS), integrando nestos planos, a parte relativa aos incendios forestais no espazo rural.
2. Os PDIM son elaborados polos respectivos concellos en consonancia co PDID, sendo a súa estrutura tipo establecida por Orde do Conselleiro con competencias en Montes dacordo coas directrices que estableceza a normativa aplicábel en materia de protección civil.
3. Os PDIM son executados polos propios concellos, e os particulares.
4. Os PDIM han de ser aprobados pola Dirección Xeral con competencias en Montes.
5. A coordinación e a xestión dos PDIM competen aos Alcaldes. A elaboración, execución e actualización dos PDIM ten carácter obrigatorio.
6. A cartografía da rede de defensa do distrito, incluída nos PDID que atinxa a cada Concello, e a relativa a zonificación e o risco de incendio forestal, debe ser obrigatoriamente integrada e regulamentada nos respectivos planos municipais de ordenación municipal. Para a aprobación dos PXOM será necesaria a comprobación e aprobación da súa parte relativa a prevención de incendios forestais por parte da Consellaría competente en materia forestal.
7. Para a concesión de incentivos, axudas ou beneficios por parte da Xunta de Galiza no ámbito da defensa dos montes contra incendios forestais e da xestión forestal ás entidades locais exixírase como requisito acreditar a aprobación dos instrumentos de planeamento previstos nesta lei.

Artigo 16. Planeamento local e particular de defensa contra incendios forestais

1. Todos os instrumentos de xestión forestal deben explicitar non só accións de silvicultura de defensa dos montes contra incendios forestais e das infraestruturas dos espazos forestais, senón tamén a súa integración e compatibilización cos instrumentos de planeamento de nivel superior, en concreto os plans defensa contra incendios forestais dos distritos.
2. Todas as iniciativas locais o particulares de prevención, defensa e recuperación de áreas ardidas ao nivel inframunicipal deben estar articuladas e encadradas polos planos municipais de defensa contra incendios forestais.
3. Os instrumentos de xestión forestal, das zonas de ámbito local ou particular, deben ser presentados, para a súa aprobación, á Consellaría competente en materia forestal no prazo de 6 meses despois da súa constitución.
4. Para cada unha das zonas de alto risco de incendios forestais elaborarse un Plano de defensa que, como mínimo, terá en conta:
 - a) As medidas e traballos preventivos aplicábeis a elas. Estes traballos preventivos incluírán devasas, vías de acceso e puntos de auga que deben realizar os propietarios dos montes da zona, así como os prazos e modalidades de execución.



- b) Os usos, costumes e actividades que poidan existir na zona e que se manifesten a través da provocación reiterada de lumes ou do uso negligente do lume, así como a determinación das épocas do ano de alto risco de lumes forestais.
- c) O establecemento e dispoñibilidade de medios de vixilancia e extinción necesarios para dar cobertura a toda a superficie forestal da zona, coas previsións para o seu financiamento.
- d) A regulación dos aproveitamentos e usos que poidan dar lugar a risco de lumes forestais.

TÍTULO III **ACTUACIONES PREVENTIVAS**

CAPÍTULO I **INFRAESTRUTURAS PREVENTIVAS**

Artigo 17. Redes de defensa contra incendios forestais do distrito forestal.

1. As redes de defensa contra incendios forestais dos distritos (RDCID) concretan territorialmente, e de forma coordinada, a rede de infraestruturas dos espazos forestais, establecida na estratexia do planeamento do distrito de prevención e defensa dos montes contra incendios forestais.
2. As RDCID integran os seguintes compoñentes:
 - a. Redes de faixas de xestión de combustíbel
 - b. Mosaico de parcelas de xestión de combustíbel
 - c. Rede viaria forestal
 - d. Rede de puntos de auga
 - e. Rede de vixilancia e detección de incendios forestais
 - f. Rede de infraestruturas de apoio a extinción.
3. O control do desenvolvemento e da utilización das RDCID incumbe á Consellaría competente en materia forestal, no ámbito do planeamento de defensa da monte contra incendios forestais en cada distrito.
4. A recollida, rexistro e actualización da base de datos das RDCID deberá ser efectuada pola Consellerías competentes en Montes e integrada no sistema de información xeográfica descrito no artigo 4.3 desta lei.

Artigo 18. Normalización das redes de defensa contra incendios forestais dos distritos

As normas técnicas e funcionais relativas á clasificación, construción, manutención e sinalización de vías integrantes da rede viaria forestal, puntos de auga e das demais infraestruturas forestais integrantes das redes distritos de defensa contra incendios forestais serán desenvolvidas regulamentariamente por Orde do Conselleiro competente en materia de incendios forestais.

Artigo 19. Redes de faixas de xestión de combustíbel.



1. A xestión dos combustíbeis existentes nos espazos forestais é realizada a través de faixas e de parcelas, situadas en lugares estratéxicos para a consecución de determinadas funcións, onde se procede á modificación ou á remoción total ou parcial da biomasa presente.
2. As faixas de xestión de combustíbel constitúen redes primarias, secundarias e terciarias, tendo en consideración as funcións que poden desempeñar; entre as cales están:
 - a. Función de diminución da superficie percorrida por grandes incendios forestais, permitindo e facilitando unha intervención directa de extinción do lume.
 - b. Función de redución dos efectos da propagación de incendios forestais, protexendo de forma pasiva vías de comunicación, infraestruturas e equipamentos sociais, zonas edificadas e áreas forestais e naturais de valor especial
 - c. Función de illamento de potenciais focos de ignición de incendios forestais.
3. As redes primarias de faixas de xestión de combustíbel, son de competencia da Consellaría competente en materia forestal, cumpren todas as funcións referidas no número anterior e desenvólvense nos espazos forestais.
4. As redes secundarias de faixas de xestión de combustíbel, son de competencia da Consellaría competente en materia forestal e dos concellos nos termos da presente Lei, sendo o seu ámbito, municipal ou local, e contéplanse no ámbito da protección de poboacións e infraestruturas, cumpren as funcións referidas nas alíneas b) e c) do número 2 deste artigo. Desenvólvense sobre:
 - a. As redes viarias e ferroviarias públicas.
 - b. As alíneas de transporte e distribución de enerxía eléctrica
 - c. As faixas de especial protección dos núcleos poboacionais, ademais de todas as edificacións, os campings, as infraestruturas e áreas recreativas, os parques e polígonos industriais, as plataformas loxísticas e os depósitos de lixo, así como calquera outra susceptible de ser protexida
5. As redes terciarias de faixas de xestión de combustíbel, son de interese local, e cumpren a función referida na alínea c) do número 2 deste artigo, apóianse nas redes viaria, eléctrica e divisional das unidades locais de xestión forestal ou agroforestal, sendo definidas no ámbito dos instrumentos de xestión forestal.
6. As especificacións técnicas en materia de defensa do monte contra incendios forestais relativas a equipamentos forestais e ambientais de recreo serán definidas mediante Orde da Consellaría competente en materia forestal previa consulta a Consellaría con competencias en espazos naturais.
7. Sen prexuízo do disposto nos artigos seguintes, as especificacións técnicas relativas á construción e manutención das redes de faixas e dos mosaicos de parcelas de xestión de combustíbel serán obxecto de Orde da Consellaría competente en materia forestal.

Artigo 20. Servidumes administrativas e expropiacións

1. As infraestruturas descritas no artigo 17.2, e os terreos necesarios para a súa execución, e inscritos nos planos de defensa contra incendios forestais do distrito, poden, baixo proposta da Consellaría competente en materia forestal ou dos Concellos, ser declaradas de utilidade pública nos termos de establecer a súa servidume ou para os efectos previstos na regulación da expropiación forzosa.



2. As actividades de aproveitamento da cuberta vexetal ou que supoñan a alteración do solo nas redes primarias de faixas de xestión de combustíbel definidas no ámbito do planeamento de defensa contra incendios forestais do distrito estarán supeditadas a autorización previa da Consellaría competente en materia forestal, que poderá denegala en función do seu valor preventivo face ao lume.
3. Os propietarios dos terreos afectados polo disposto no número anterior poderánse beneficiar de indemnizacións compensatorias, que serán reguladas por Orden da Consellaría do Medio Rural.
4. A xestión das infraestruturas a que se refire o artigo 17.2 poderá ser cedida pola Xunta de Galiza as entidades locais, particulares ou outras entidades xestoras, consonte o previsto na lexislación patrimonial e no seu regulamento de execución.

CAPÍTULO II

DEFENSA DE PERSOAS E BENS

Artigo 21. Redes secundarias de faixas de xestión de combustíbel.

1. Nos espazos previamente definidos nos planos contra incendios do distrito será obrigatorio para os seus titulares:
 - a. Xestionar o combustíbel vexetal na totalidade das parcelas que se atopen, fóra do monte, a unha distancia inferior a 50 metros do seu perímetro, consonte o previsto nos criterios para a xestión de combustíbel definidos na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.
 - b. Xestionar o combustíbel vexetal nunha franxa de 100 metros arredor de calquera nucleo poboacional, edificación, urbanización, depósito de lixo, camping, instalación recreativa, obras, instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte.

A xestión nos devanditos 100 metros faráse de xeito que nos 50 metros desde a extrema da propiedade non poderán haber árbores de especies pirófitas, e nos 50 metros restantes atenderase ao previsto nos criterios para a xestión de combustíbel definidos na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.
 - c. Ao longo da rede de autoestradas, autovías e vías rápidas, xestionar o combustíbel nunha faixa lateral de terreo colindante nunha anchura non inferior a 50 metros.

A xestión nos devanditos 50 metros faráse de xeito que nos 10 metros desde a extrema da propiedade non poderán haber árbores de especies pirófitas, e nos 40 metros restantes atenderase ao previsto nos criterios para a xestión de combustíbel definidos na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.
 - d. Ao longo da restante viaria, xestionar o combustíbel nunha faixa lateral de terreo colindante nunha anchura non inferior a 20 metros.

A xestión nos devanditos 20 metros faráse de xeito que nos 10 metros desde a extrema da propiedade non poderán haber árbores de especies pirófitas, e nos 10 metros restantes atenderase ao previsto nos criterios para a xestión de combustíbel definidos na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.



No caso de vías e camiños forestais a xestión faráse nos 10 metros desde a a extrema da propiedade, de xeito que nesa franxa non poderán haber árbores de especies pirófitas.

- e. Ao longo da rede ferroviaria, xestionar o combustíbel nunha faixa lateral de terreo colindante contada a partir dos carrís externos nunha anchura non inferior a 50 metros.

A xestión nos devanditos 50 metros faráse de xeito que nos 25 metros desde a a extrema da propiedade non poderán haber árbores de especies pirófitas, e nos 25 metros restantes atenderase ao previsto nos criterios para a xestión de combustíbel definidos na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.

- f. Nas liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica, respectaranse as especificacións da regulamentación electrotécnica sobre distancia mínima entre os condutores, as árbores e outra vexetación. Non obstante o anterior, nas liñas de transporte de alta e media tensión xestionarase o combustíbel nunha faixa lateral de terreo colindante contada a partir da vertical dos condutores externos nunha anchura non inferior a 50 metros.

A xestión nos devanditos 50 metros faráse de xeito que nos 25 metros desde a a extrema da propiedade non poderán haber árbores de especies pirófitas, e nos 25 metros restantes atenderase ao previsto nos criterios para a xestión de combustíbel definidos na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.

2. Nos cámpings, nas infraestruturas e equipamentos forestais de recreo, os parques e polígonos industriais, e nos depósitos de lixo inseridos ou confinantes con espazos forestais é obrigatoria a xestión do combustíbel, e a manutención, dunha faixa envolvente de 100 metros, competendo ao titular realizar os respectivos traballos

A xestión nos devanditos 100 metros faráse de xeito que nos 25 metros desde a a extrema da propiedade non poderán haber árbores de especies pirófitas, e nos 75 metros restantes atenderase ao previsto nos criterios para a xestión de combustíbel definidos na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.

3. Sempre que, por forza do disposto nos números anteriores, as superficies a someter a traballos de xestión de combustíbel se crucen, son os titulares os que teñen a responsabilidade da xestión do combustíbel.

4. Aos efectos do presente artigo, entenderase por titulares os propietarios, arrendatarios, usufrutuarios dos terreos forestais e das instalacións; así como as administracións ou entidades ou sociedades dependentes das mesmas que teñan encomendada a competencia sobre a administración das vías de comunicación.

Artigo 22. Procedemento para a xestión do combustíbel.

1. Os propietarios, arrendatarios, usufrutuarios ou entidades que, a calquera título, estean incluídos nas redes secundarias de faixas de xestión de combustíbeis executarán e realizarán a xestión dos combustíbeis segundo o previsto no artigo seguinte da presente lei e como límite máximo antes do 31 de marzo de cada ano.

2. En caso de incumprimento do disposto nos números anteriores, os entes locais, no caso dos apartados 1, b) e nas faixas laterais das redes viarias da súa titularidade, e a consellaría competente en materia forestal no caso dos apartados 1, a), c), e) e f), 2 e nas faixas laterais das redes viarias que non sexan titularidade local notificarán, de oficio



ou a instancia de parte aos propietarios, arrendatarios, usufrutuarios ou entidades titulares dos terreos a súa obriga de xestión do combustíbel vexetal, advertíndolles da posibilidade de execución subsidiaria en caso de incumprimento.

3. Aos efectos deste artigo, entenderase practicada a notificación a publicación por parte da administración competente nun diario oficial da áreas incluídas nas redes de xestión de combustíbel que foran así determinadas no planeamento de prevención forestal.

4. Se no prazo máximo de 15 días naturais os citados titulares non acometen a xestión do combustíbel, as citadas administracións públicas no ámbito competencial definido con anterioridade, procederán á execución subsidiaria dos traballos de xestión de combustíbel, coa facultade de resarcirse dos gastos ocasionados.

5. Así mesmo, en época de perigo alto de incendios forestais, no caso de ausencia de intervención por parte das citadas administracións nos termos previstos no número anterior, os propietarios ou outras persoas que teñan baixo calquera título a administración, xestión, uso ou disfrute das edificacións colindantes cos espazos descritos nos números 1 e 2, poderán proceder á xestión de combustíbel prevista no número anterior nos terreos incluídos nas faixas de especial protección, mediante solicitude ao concello ou á consellaría competente en materia forestal. No caso de que a solicitude sexa resolta de xeito favorábel iniciará os traballos nun prazo non inferior a 20 días. En caso de silencio administrativo, entenderase outorgado en sentido afirmativo logo do transcurso dun mes desde a presentación da solicitude.

6. En caso de intervención, os propietarios e outros produtores forestais ficarán obrigados a permitir o acceso dos propietarios ou xestores das edificacións colindantes aos seus terreos e a resarcilos dos gastos efectuados coa xestión do combustíbel.

7. Sempre que os materiais resultantes da acción de xestión de combustíbel referida no número anterior posúan valor comercial, o produto obtido desa forma, pertence o propietario ou produtor forestal respectivo, poidendo ser vendido polo propietario ou entidade que procedeu á xestión de combustíbel, retendo o correspondente valor até ao resarcimento dos gastos efectuados.

8. Os propietarios e outros produtores forestais están obrigados a facilitar os necesarios accesos ás entidades responsábeis dos traballos de xestión de combustíbel.

9. As accións e proxectos de forestación ou reforestación deberán respectar as faixas de xestión de combustíbel previstas neste artigo.

10. Non obstante o anterior, a Consellaría competente en materia forestal poderá proceder á execución directa de traballos preventivos nas faixas de protección dos núcleos de poboación, sen necesidade de requerimento previo, cando se declarase un incendio forestal que supoña un risco inminente para as persoas e os bens.

Artigo 23. Criterios para a xestión de combustíbeis no ámbito das redes secundarias de xestión de combustíbeis.

1. Nas zonas de xestión de combustíbeis incluídas nas faixas de especial protección dos núcleos de poboación, equipamentos e resto de infraestruturas deben ser cumpridos acumulativamente os seguintes criterios xerais:

1. No estrato arbóreo, a distancia entre as copas das árbores debe ser como mínimo de 4 metros, e a poda debe ser de 50% da altura da árbore ata que esta atinxa os 8 metros, altura a partir da cal a poda debe alcanzar o mínimo de 4 metros por riba do solo.
2. No estrato arbustivo e herbáceo, a carga total non pode exceder 2.000 m³/ha, debendo simultaneamente ser cumpridas as seguintes condicións



- a. Debe ser garantida a descontinuidade horizontal dos combustíbeis entre a infraestrutura e o límite externo da faixa de xestión de combustíbeis. En todo caso, os primeiros 25 m desde a estrema da propiedade deben estar libres de matogueiras e herbáceas.
- b. A altura máxima da vexetación é a que consta no cadro adxunto, variando en función da porcentaxe de cobertura do solo.

% Do chan cuberto	H máxima da vexetación (cm)
< 20	100
20 a 50	40
> 50	20

3. Os estratos arbóreo, arbustivo e herbáceo remanentes deben ser organizados espacialmente de maneira a evitar a continuidade vertical dos diferentes estratos combustíbeis.
2. Nas zonas de xestión de combustíbeis nas faixas de especial protección dos núcleos de poboación (habitacións, estaleiros, almacéns, oficinas, fábricas e outros equipamentos sociais e de servizos), alén dos criterios xerais definidos no apartado anterior do presente artigo, deben ademais ser cumpridos, acumulativamente, os seguintes criterios complementares:
 1. As copas das árbores e dos arbustos deberán estar distanciadas un mínimo 5 metros da edificación e nunca se poderán proxectar sobre o seu tellado
 2. Sempre que sexa posíbel, se deberá crear unha faixa pavimentada de 1 metros a 2 metros de anchura, circundando todo o edificio
 3. Non poderá haber ningunha acumulación de substancias combustíbeis, como leña, madeira ou restos forestais e agrícolas, así como outras substancias altamente inflamábeis.

Artigo 24. Edificación en zonas de especial risco de incendios forestais

1. Os instrumentos de planeamento urbanístico incorporarán a cartografía de risco de incendio forestal, no que respecta a zonificación do territorio e ás zonas de especial risco que constan nos PDID.
2. A construción en zonas de alto risco de incendios forestais de edificacións para habitación, comercio, servizos, industria e instalacións destinadas a explotacións agrícolas, gandeiras e forestais así como as vivendas vinculadas ás mesmas; e as novas urbanizacións, edificacións e instalacións situadas en terreos rústicos urbanizábeis que non teñan continuidade inmediata coa trama urbana terán que cumprir coas seguintes medidas de prevención:
 - a) Asegurar a existencia dunha faixa exterior de protección de 50 metros de ancho ao seu redor, libre de vexetación seca e coa masa arbórea aclarada, e demais características que se determinen regulamentariamente.
 - b) Manter o terreo non edificado da parcela ou parcelas libre de vexetación seca e coa masa arbórea aclarada, así como os viais de titularidade privada.
 - c) Adoptar medidas especiais relativas á resistencia do edificio, á pasaxe do lume e á contención de posíbeis fontes de ignición procedente de incendios forestais, no edificio e os seus respectivos accesos.



- d) Dispór dunha rede de hidrantes homologados para a extinción de incendios de acordo co que se estableza regulamentariamente.
3. As obrigas establecidas no parágrafo anterior serán cumpridas polos propietarios, ou no caso de urbanizacións polo órgano de xestión ou xunta urbanizadora.
 4. No caso de incumprimento da xestión dos combustíbeis vexetais, corresponderá ao concello a súa realización, quedando facultado para acudir á execución forzosa de acordo co establecido no artigo 22 da presente Lei.

CAPÍTULO III

SILVICULTURA PREVENTIVA

Artigo 25. Silvicultura, forestación e reforestación.

1. A silvicultura no ámbito da defensa dos montes contra incendios forestais engloba o conxunto de medidas aplicadas aos poboamentos forestais, matogueiras e outras formacións espontáneas, ao nivel da composición específica e do seu arranxo estrutural, cos obxectivos de diminuír o perigo de incendio forestal e de garantir a máxima resistencia da vexetación á propagación do lume.
2. Os instrumentos de xestión forestal deben explicitar as medidas de silvicultura e da rede de infraestruturas de espazos forestais que garantan a discontinuidade horizontal e vertical dos combustíbeis forestais e a alternancia de teselas con distinta inflamabilidade e combustibilidade, no ámbito das orientacións do planeamento do distrito de defensa contra incendios forestais.
3. A dimensión das teselas deberá variar entre 20 ha e 50 ha, nos casos xerais, e entre 1 ha e 20 ha nas situacións de maior risco de incendio forestal, definidas nos planos de distrito de defensa contra incendios forestais, e o seu deseño e localización deben pór especial atención ao comportamento previsíbel do lume.
4. Nas accións de forestación, de reforestación e de reconversión forestal, os poboamentos monoespecíficos ou pirofíticos non poderán ter unha superficie continua superior a 50 ha, debendo ser compartimentados, alternativamente:
 - a. Pola rede de faixas de xestión de combustíbeis ou por outros usos do solo con baixo risco de incendio forestal
 - b. Por liñas de auga e as respectivas faixas de protección, convenientemente creadas.
5. Sempre que as condicións edafoclimáticas o permitan, deberá ser favorecida a constitución de poboamentos de especies arbóreas caducifolias ou de especies con baixa inflamabilidade e combustibilidade.
6. Todas as accións de forestación ou repoboación deben obedecer aos criterios estipulados neste artigo.

CAPÍTULO IV

ORDENACIÓN PREVENTIVA DO ESPAZO FORESTAL

Artigo 26. Usos prohibidos con carácter xeral.



1. Non se poderán mudar os usos primarios dos terreos contemplados nos Planos Xerais de Ordenación Municipal, ou aqueles que tradicionalmente se veñan realizando nunha zona concreta aínda que non estea así recollido nos devanditos Planos Xerais.
2. Establécense as seguintes prohibicións:
 - a) Prohíbense as repoboacións forestais en solo urbano e núcleos rurais.
 - b) Prohíbense as repoboacións forestais en zonas adicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos.
 - c) Prohíbese a realización de repoboacións forestais coas especies que se recollen no Anexo IX deste Decreto.
3. En zonas incluídas nun proceso de concentración parcelaria, os usos haberanse de adaptar ao plan de ordenación de cultivos ou forestal, tal e como prevé a Lei 10/1985, do 14 de agosto, de Concentración Parcelaria para Galiza, coas súas sucesivas modificacións.
4. Poderán admitirse, no caso que exista un Plan de Ordenación de cultivos ou forestal, un cambio de uso de terras agrícolas, sempre que non interfira no desenvolvemento agrario da zona. Para a aprobación desta forestación será obrigado que esta se realice con frondosas caducifolias, priorizando o aproveitamento integral do uso.

Artigo 27. Ordenación das repoboacións forestais.

1. As repoboacións forestais que linden con terreos rústicos de protección agropecuaria deberán gardar, como mínimo, 10 metros de distancia respecto deles.
2. Establécense as seguintes distancias mínimas para as repoboacións forestais en todo tipo de terreos e respecto das edificacións que se indican:
 - a. Para especies pirófitas:
 - i. - Con vivendas ou instalacións preexistentes: 50 metros. En calquera caso, as axudas para as repoboacións forestais condicionaranse a que na superficie que estea a menos de 100 metros desde calquera vivenda ou edificación do núcleo rural non se introduzan tales especies.
 - b. Para o resto das especies:
 - i. Con vivendas ou instalacións preexistentes: 25 metros.
 - ii. Con industrias ou instalacións perigosas preexistentes: 50 metros.
3. As distancias anteriores non serán de aplicación en casos de plantacións de pés illados ou setos de especies ornamentais.
4. As distancias mediranse desde o límite exterior da repoboación, entendendo por tal o exemplar dela máis próximo á propiedade veciña, ata o límite medianeiro coa outra propiedade.
5. Os propietarios dos predios que teñan realizadas repoboacións forestais colindantes con outros predios, respectando as distancias mínimas establecidas na lexislación vixente, deberán manter limpas de pólas as súas masas arbóreas, sen que se estendan sobre os predios colindantes.
6. As ordenanzas municipais poderán incrementar as distancias reguladas no presente artigo, en función das especiais características de cada municipio, logo de informe da dirección xeral competente en materia forestal.
7. En todo caso, estarán suxeitas á declaración de impacto ambiental as repoboacións forestais nos supostos previstos no anexo I do Decreto legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, e no Decreto 442/1990, do 13 de setembro, de avaliación de impacto ambiental de Galiza.



8. Así mesmo, no caso das repoboacións forestais recollidas no anexo II do Decreto legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, a consellaría competente en materia de ambiente determinará, logo de solicitude do interesado, a necesidade de someterse ou non á avaliación de impacto ambiental.

Artigo 28. Redes primarias de faixas de xestión de combustíbel

1. As faixas integrantes das redes primarias pretenden o establecemento, en lugares estratéxicos, de condicións favorábeis para a extinción de grandes incendios forestais.
2. As faixas citadas no número anterior posúen unha anchura non inferior a 125 metros e definen compartimentos que, preferentemente, deben posuir entre 500 ha e 1000 ha.
3. O planeamento, a instalación e a manutención das redes primarias de faixas de xestión de combustíbel deben ter en consideración, en concreto
 - a. A súa eficacia na extinción a incendios forestais de grandes dimensións
 - b. A seguridade das persoas responsábeis pola extinción
 - c. O valor socio-económico, paisaxístico e ecolóxico dos espazos rurais
 - d. As características fisiográficas e as particularidades da paisaxe local
 - e. O historial dos grandes incendios forestais no distrito forestal e o seu comportamento previsíbel en situacións de elevado risco meteorolóxico.
 - f. As actividades que nelas se poidan desenvolver e contribuir para a súa sustentabilidade técnica e financeira.
4. As redes primarias de faixas de xestión de combustíbel son definidas pola Consellaría competente en materia forestal no ámbito do planeamento distrito de defensa contra incendios forestais e obrigatoriamente integrados no planeamento municipal e local de defensa contra incendios forestais.
5. Os propietarios dos terreos integrados nas redes primarias de xestión de combustíbel poderánse beneficiar de axudas para o mantemento das mesmas, que serán reguladas por Orden da Consellaría do Medio Rural.

Artigo 29. Depósitos de madeiras e de outros produtos inflamábeis.

1. Está prohibido o depósito de madeiras e outros produtos resultantes de explotación forestal ou agrícola, de outros materiais de orixe vexetal e de produtos altamente inflamábeis nas redes de faixas e nos mosaicos de parcelas de xestión de combustíbel, con excepción dos lugares expresamente autorizados polo Concello.
2. Durante os meses de Xullo, Agosto e Setembro, só será permitido o apilado en cargadeiro de produtos resultantes de corte ou extracción (astilla, rolaría, madeira, cortiza e resina) sempre que sexa salvagardada unha área sen vexetación con 10 metros arredor e garantindo que nos restantes 40 metros arredor, a carga de combustíbel é inferior á estipulada no artigo 23 da presente Lei.

CAPÍTULO V

REORGANIZACIÓN PREVENTIVA DO ESPAZO FORESTAL

Artigo 30. Reorganización da propiedade forestal e fomento das agrupacións de propietarios forestais.



Co obxecto de garantir a defensa contra os incendios forestais e de facilitar a ordenación dos montes, promoverase a regularización das teselas en terreos forestais por medio dun sistema de reorganización da propiedade forestal baseado na compensación regulado na presente Lei e máis as agrupacións de propietarios forestais a través de incentivos públicos.

Artigo 31. Sistema de reorganización da propiedade forestal.

1. No caso de que un número de propietarios que superen o 50% da superficie das parcelas forestais que formen parte dunha unidade de xestión forestal, entenderase que está constituída a maioría legal necesaria para iniciar os trámites conducentes á creación dunha unidade de xestión forestal.
2. O procedemento iniciarase por proposta asinada por un número de propietarios que superen o 50% da superficie forestal a xestionar de forma conxunta, achegando o proxecto de ordenación forestal xunto co proxecto de estatutos da entidade a que se lle encomenda a xestión do espazo forestal ordenado.
3. Así mesmo, o procedemento poderá iniciarse de oficio, por medio de Decreto aprobado polo Consello da Xunta de Galiza, nos casos en que a reorganización da propiedade xa estivera previamente prevista no planeamento de distrito.
4. As unidades de xestión forestal deberán contar obrigatoriamente, ademais do proxecto de ordenación forestal, dun instrumento de xestión forestal. Regulamentariamente, por iniciativa da consellaría con competencias en materia forestal, determinarase a estrutura e contido dos instrumentos de xestión forestal.
5. Recibida a documentación, a Consellaría competente en materia forestal procederá a publicar o acordo no diario oficial de Galiza e nun dos diarios de maior difusión da zona afectada, sometendo a información pública por un prazo non inferior a 20 días hábiles. De xeito simultáneo procederase á notificación individual aos titulares ou propietarios de dereitos de contido patrimonial na zona de actuación, a fin de que formulen as alegacións pertinentes sobre o proxecto de ordenación forestal e dos estatutos, rexeitándose calquer outra obxección ou reparo, e manifesten así mesmo, a súa vontade de incorporación. No caso de propietarios ou titulares de dereitos patrimoniais na zona obxecto de ordenación forestal que resulten descoñecidos, procederase a súa notificación por medio de editos conforme o previsto na Lei de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.
6. A Consellaría competente en materia forestal procederá a outorgar a aprobación definitiva do proxecto de ordenación no prazo máximo de tres meses desde que finalizase o trámite de información pública, transcorrido o cal entenderase aprobado por silencio administrativo. O acordo de aprobación final de regularización das teselas será elevado a público, e inscrito no Rexistro da Propiedade
7. A entidade de xestión deberá constituirse no prazo máximo dun mes desde a aprobación definitiva de estatutos e bases de actuación.
8. A entidade de xestión terá natureza administrativa con personalidade xurídica propia capacidade para o cumprimento dos seus fins. Un representante da Consellaría competente en materia forestal formará parte do órgano reitor da entidade de xestión e será designado no acordo de aprobación definitivo do proxecto de ordenación.
9. Os acordos da entidade de xestión adoptaranse por maioría simple das cotas de participación, agás o de aprobación final da regularización das teselas, que requirirá maioría absoluta, así como, aqueloutros que expresamente se determinen nos estatutos.
10. Os acordos da entidade de xestión serán recorribeis ante o Conselleiro competente en materia forestal.



TÍTULO IV

CONDICIÓN DE ACCESO, CIRCULACIÓN E PERMANENCIA EN ZONAS FORESTAIS

Artigo 32. Condición de acceso

1. Durante a época de perigo alto, definido no artigo 9, queda condicionado o acceso, a circulación e a permanencia de persoas e bens no interior das seguintes zonas
 - a. Nas zonas de alto risco referidas no artigo 11.
 - b. Nas áreas forestais ou naturais baixo xestión da Xunta de Galiza
 - c. Nas áreas onde exista sinalización correspondente a limitación de actividades.
2. O acceso, a circulación e a permanencia de persoas e bens quedan condicionados nos seguintes termos
 - a. Cando se verifique o índice de risco temporal de incendio forestal sexa moi alto ou extremo non estará permitido acceder, circular e permanecer no interior das áreas referidas no número anterior, así como nos camiños forestais, camiños rurais e outras vías que as atravesan
 - b. Cando se verifique o índice de risco temporal de incendio forestal de nivel alto non estará permitido, no interior das áreas referidas no número anterior, proceder á execución de traballos que envolvan a utilización de maquinaria sen os dispositivos previstos no artigo 41, desenvolver calquera acción non relacionada co as actividades forestal e agrícola, así como circular con vehículos motorizados nos camiños forestais, camiños rurais e outras vías que as atravesan.
 - c. Cando se verifique o índice de risco temporal de incendio forestal de niveis moderado e alto todas as persoas que circulen no interior das áreas referidas no número 1 e nos camiños forestais, camiños rurais e outras vías que as atravesan ou delimitan están obrigadas a identificarse perante as autoridades competentes.
3. Fóra da época de perigo alto, e desde que se verifique o índice de risco temporal de incendio forestal de niveis moi alto e extremo, non estará permitido acceder, circular e permanecer no interior das áreas referidas no número 1, así como nos camiños forestais, camiños rurais e outras vías que as atravesan.
4. Fóra da época de perigo alto, e desde que se verifique o índice de risco temporal de incendio forestal de niveis moderado e alto, a circulación de persoas no interior das áreas referidas no número 1 queda suxeita ás medidas referidas na alínea c) do artigo 32.2.

Artigo 33. Excepcións

1. Constitúen excepcións ás medidas referidas nas alíneas a) e b) do n.º 2 e no n.º 3 do artigo 32:
 - a. O acceso, a circulación e a permanencia, no interior das referidas áreas, de residentes e de propietarios e produtores forestais e persoas que alí exerzan a súa actividade profesional
 - b. A circulación de persoas no interior das referidas áreas sen outra alternativa de acceso ás súas residencias e locais de traballo



- c. A utilización de áreas recreativas cando estean debidamente equipadas para o efecto, nos termos da lexislación aplicable
 - d. A circulación en autovías e autopistas, itinerarios principais, itinerarios complementares, estradas da rede estatal e autonómica.
 - e. A circulación en estradas de titularidade local para as cales non exista outra alternativa de circulación con equivalente percorrido.
 - f. O acceso, a circulación e a permanencia, no interior das referidas áreas, de medios e axentes de protección civil.
 - g. O acceso, a circulación e a permanencia, no interior das referidas áreas, de persoal militar en misión intrinsecamente militar.
2. O disposto no artigo 32 non se aplica a:
- a. Ás áreas urbanas e ás áreas industriais
 - b. Nos acceso habilitados a tal efecto ás praias fluviais e marítimas
 - c. Aos medios de prevención, vixilancia, detección, e extinción dós incendios forestais forestais.
 - d. Os predios rústicos sometidos a réxime forestal para efectos de policía e fiscalización da caza, en virtude e por forza da súa submisión ao réxime cinexético especial, cando non estean incluídos nas zonas de especial risco.
 - e. Á execución de obras de interese público, con tal recoñecemento.
 - f. Á circulación de vehículos prioritarios cando estean en marcha de urxencia.
 - g. As áreas baixo xurisdicción militar
 - h. As forzas e corpos de seguridade do estado.

Artigo 34. Sensibilización e divulgación

1. A execución de campañas de sensibilización en materia de incendios forestais será, con independencia das entidades que a realicen, coordinada pola Consellaría competente en materia forestal.
2. Compete á Consellaría competente en materia forestal a promoción de campañas de sensibilización e información pública, as cales deben considerar o valor e importancia dos espazos forestais e a conduta a adoptar polo cidadán na utilización dos espazos forestais, así como unha compoñente preventiva que contemple as técnicas e prácticas aconsellábeis e obrigatorias do correcto uso do lume.
3. Compete á Consellaría competente en materia forestal promover a divulgación periódica do índice de risco temporal de incendio forestal a través da súa páxina web oficial, debendo esta ser diaria cando o índice de risco temporal de incendio forestal fora de niveis alto, moi alto ou extremo, para efectos de aplicación do disposto no artigo 32.
4. Compete tamén á Consellaría competente en materia forestal a divulgación das medidas preventivas aconselladas ou obrigatorias, onde se inclúen as referidas nos artigos 32, 37, 38 e 39 así como a súa incidencia territorial.

TÍTULO V

Uso do lume

Artigo 35. Uso do lume.

Como medida preventiva, prohibese o uso do lume nos montes, terreos forestais e áreas de influencia forestal a que se refire a presente Lei, agás para as actividades e nas condicións,



periodos ou zonas autorizadas pola Consellaría competente en materia forestal nos termos da presente Lei e o que estableza a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 36. Comunicaci3ns e autorizaci3ns de queimas.

Para a realizaci3n de traballos en terreos agr3colas situados a menos de 400 metros do monte e en terreos forestais nos que sexa imprescindible facer uso do lume, ser3 obrigatorio, respectivamente, disp3r de comunicaci3n de queima ou de autorizaci3n de queima.

Artigo 37. Autorizaci3n de queimas e queimas controladas.

1. Para a conces3n da autorizaci3n de queima terase en conta os riscos derivados da vulnerabilidade do terreo en relaci3n coa erosi3n, pendente e superficie a queimar.
2. A realizaci3n de queimas controladas en terreos forestais, debe obedecer 3s orientaci3ns emanadas pola Consellaría competente en materia forestal.
3. A realizaci3n de queimas controladas en terreos forestais s3 ser3 permitida despois da súa autorizaci3n, pola Consellaría competente en materia forestal, na presenza de t3cnico autorizado para a xesti3n de queimas controladas ou, na súa ausencia, de bombeiros dos entes locais ou de equipos autorizados pola Consellaría competente en materia forestal.
4. Sen acompañamento t3cnico adecuado, a queima controlada ser3 considerada como lume intencionado.
5. A realizaci3n de queimas controladas s3 estar3 permitida f3ra da 3poca de risco alto e desde que o 3ndice de risco temporal de incendio forestal sexa baixo ata o nivel moderado incluíndo este 3ltimo.
6. A queima s3 poder3 realizada de acordo cos normas t3cnicas e funcionais que se definir3n regulamentariamente por Orde da Consellaría competente en materia forestal

Artigo 38. Outros usos do lume

1. En todos os espazos rurais, durante a 3poca de perigo alto, queda prohibido:
 - a. Realizar fogueiras para recreo ou ocio e para confecci3n de alimentos, as3 como utilizar equipamentos de queima e de combusti3n destinados 3 iluminaci3n ou 3 confecci3n de alimentos.
 - b. Queimar matogueiras cortadas e amontoadas e calquera tipo de sobrantes de explotaci3n, limpeza de restos ou calquera outro obxecto combust3bel.
2. En todos os espazos rurais, f3ra 3poca de perigo alto e desde que se verifique o 3ndice de risco temporal de incendio forestal de niveis moi alto e m3ximo, manteranse as restrici3ns referidas no n3mero anterior.
3. Exceptuase do disposto na al3nea a) do n.3 1 e no n3mero anterior, a confecci3n de alimentos en espazos non incluídos en zonas de alto risco sempre que sexa realizada nas 3reas expresamente previstos para o efecto, como son as 3reas recreativas e outros cando estean debidamente identificados e cont3n con infraestruturas axeitadas para tal fin.
4. Exceptuase do disposto na al3nea b) do n.3 1 e no n.3 2 a queima de restos de explotaci3n debida a esixencias fitosanitarias de car3cter obrigatorio e as3 veña determinado polas autoridades competentes, a cal deber3 ser realizada con a



presenza de unha unidade dalgún equipo de bombeiros das entidades locais ou un equipo autorizado pola Xunta de Galiza.

Artigo 39. Foguetes e outras formas de lume

1. En todos os espazos rurais, durante a época de perigo alto, a utilización de lumes de artificio ou outros artefactos pirotécnicos, está suxeita a autorización previa do respectivo Concello. O Concello comunicará a devandita autorización a Consellaría competente en materia forestal.
2. O solicitude de autorización referido no número anterior debe ser realizada cun mínimo de 15 días de antelación.
3. Durante a época de perigo alto, as accións de fumigación ou desinfección en panais de abellas non están permitidas, agás no caso de os fumigadores estaren equipados con dispositivos de retención de chispas.
4. Nos espazos forestais, durante a época de perigo alto, non está permitido fumar ou facer lume de calquera tipo no seu interior ou nas vías que os delimitan ou os atravesan.
5. Fóra da época de perigo alto e desde que se verifique o índice de risco temporal de incendio forestal de niveis moi alto e extremo manteñense as restricións referidas nos números 1, 2 e 4 do presente artigo.
6. Exceptúanse do disposto nos números anteriores a realización de contralumes durante as accións de extinción contra os incendios forestais forestais.
7. A consellaría competente en materia forestal poderá prohibir todos os usos de foguetes a outras formas de lume se as circunstancias de perigo de incendio así o aconsellan.

Artigo 40. Limitacións á utilización de explosivos.

O uso, transporte e almacenamento de explosivos para aperturas de estradas, traballos de canteiras, prospeccións mineiras e outras actividades que inclúan uso dos citados materiais en terreos forestais, haberá de realizarse segundo as súas normas de seguridade. A consellaría competente en materia forestal poderá regular o seu uso segundo a época de perigo e o índice de risco.

Artigo 41. Maquinaria e equipamento.

Durante a época de risco alto, nos traballos e outras actividades, que se leven a cabo en todos os espazos rurais e outros con eles relacionados, é obrigatorio:

- a. Que as máquinas de combustión interna e externa a utilizar ou, onde se inclúen todo tipo de tractores, máquinas e vehículos de transporte pesados, sexan dotadas de dispositivos de retención de chispas e de dispositivos antilapas nos tubos de escape.
- b. Que os tractores, máquinas e vehículos de transporte pesados a utilizar estean equipados con un ou dous extintores de 6 kg de acordo coa súa masa máxima, en función de que esta sexa inferior ou superior a 10000 qg.
- c. O uso doutra maquinaria non forestal nin agrícola con ferramentas que poidan producir chispas ou soldaduras de calquera tipo, precisará da correspondente autorización nos termos que se establezan.
- d. Non obstante, a utilización de maquinaria forestal ou agrícola, tanto a pesada como a lixeira, en traballos forestais ou agrícolas dentro das áreas antes establecidas, non suporá a exención do estrito cumprimento das medidas de



prevención e extinción de incendios forestais, así como das responsabilidades que puidesen contraer polo uso negligente ou imprudente da maquinaria.

TITULO VI

APROVEITAMENTOS NO MONTE

CAPÍTULO I

APROVEITAMENTOS FORESTAIS, AGRÍCOLAS E GANDEIROS

Artigo 42. Autorización de aradura.

A aradura de calquera terreo forestal para a implantación de cultivos agrícolas ou pasteiros esixirá a obtención de autorización administrativa por parte da consellaría competente en materia forestal nos termos que se establezan regulamentariamente, especialmente naqueles terreos nos que se tivese producido un incendio forestal no tres anos anteriores á súa solicitude.

Artigo 43. Prohibición ou condicionamento dos aproveitamentos de pastos nos terreos forestais.

1. O titular do monte é o propietario dos aproveitamentos forestais producidos no mesmo, nos que se inclúen os pastos.
2. O seu aproveitamento estará, regulado expresamente no correspondente instrumento de xestión forestal ou no plan de ordenación de recursos forestais en cuxo ámbito se atope o monte.
3. A Consellaría competente en Montes desenvolverá regulamentariamente os aproveitamentos forestais.

CAPÍTULO II

ACTIVIDADES EN TERREOS QUEIMADOS

Artigo 44. Aproveitamento de madeira queimada.

1. Os aproveitamentos de madeira queimada, con independencia da especie forestal, requirirán a autorización da Consellaría competente en materia forestal.
2. A Consellaría competente en materia forestal establecerá o regulamento para a solicitude e autorización citada no número anterior

Artigo 45. Limitacións ao pastoreo.

1. Con carácter xeral, prohibese o pastoreo en todas as áreas arboradas e de monte raso que resulten afectadas por incendios forestais, nun prazo mínimo de tres anos a partir da data en que se produza o lume e até que as axeitadas condicións de restauración da masa arborizada o permitan. Neste caso, pecisarase de autorización administrativa nos termos que se establezan ao efecto.
2. Regulamentariamente poderán preverse excepcións á prohibición prevista no apartado anterior, baseadas na acreditación de perdas de difícil reparación pola prohibición ao pastoreo ou a inexistencia de alternativas ao pastoreo nas áreas afectadas por incendios forestais dentro da mesma comarca.

Artigo 46. Limitacións á actividade cinexética.



Os aproveitamentos e a repoboación cinexética en terreos queimados quedan prohibidos durante un período de tres anos desde a data do lume, agás autorización expresa da Dirección Xeral competente en materia cinexética, logo de informe favorábel da Consellaría competente en materia forestal.

CAPÍTULO III

VIXILANCIA, DETECCIÓN INCENDIOS FORESTAIS

Artigo 47. Vixilancia e detección.

1. A vixilancia dos espazos rurais vai a contribuír na redución do número de incendios forestais, identificando potenciais axentes causantes e disuadindo comportamentos que propicien a existencia de incendios forestais.
2. A detección ten por obxectivo a identificación inmediata e a localización precisa dos incendios forestais e a súa comunicación rápida ás entidades responsábeis da extinción.
3. A vixilancia e detección de incendios forestais pode ser realizada por:
 - a. Calquera persoa que detecte un incendio forestal é obrigada a alertar de inmediato as entidades competentes
 - b. Pola Rede de Puntos de Vixilancia (RPV), que asegura en todo o territorio de Galiza as funcións de detección fixa de incendios forestais
 - c. Po la rede de vixilancia móbil que pode asociarse ás funcións de vixilancia e detección, de disuasión e as intervencións en lumes incipientes.
 - d. Por medios aéreos.
 - e. Polos medios das distintas administracións públicas que se establezan através dos instrumentos de colaboración e cooperación institucional.

Artigo 48. Sistemas de detección

1. A RPV é constituída por postos de vixía instalados en locais previamente aprobados Consellaría competente en materia forestal.
2. A cobertura de detección da RPV pode ser complementada con medios de detección móbiles.
3. A coordinación da RPV é da competencia da Consellaría competente en materia forestal, que establece as orientacións técnicas e funcionais para a súa ampliación, redimensionamento e funcionamento.
4. Os postos de vixilancia son instalados segundo criterios de prioridade fundados no grao de risco de incendio forestal, valor do patrimonio a defender e visibilidade, e serán dotados do equipamento humano e tecnolóxico adecuado as súas funcións.
5. A instalación de calquera equipamento ou plantación que supostamente poida interferir coa visibilidade e calidade da comunicación radioelétrica nos postos de vixía, no espazo de 30 metros ao seu redor, necesitará de informe previo favorábel da Consellaría competente en materia forestal.

Artigo 49. Sistemas de vixilancia móbil

1. Os sistemas de vixilancia móbil comprenden as patrullas de vixilancia que a Xunta de Galiza constitúa, e outros grupos que para o efecto veñan a ser recoñecidos pola Consellaría competente en materia forestal.
2. Os sistemas de vixilancia móbil teñen, en concreto, por obxectivos:



- a. Aumentar o efecto de disuasión
 - b. Identificar aos axentes causantes ou supostos de incendios forestais ou situacións e comportamentos anómalos
 - c. Detectar incendios forestais en zonas sombra dos postos de vixía
 - d. Realizar accións de primeira intervención en lumes incipientes.
3. É competencia da Consellaría competente en materia forestal a coordinación das accións de vixilancia levadas a cabo polas diversas entidades ou grupos.

CAPITULO IV

EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

Artigo 50. Extinción, remate e vixilancia após de incendio forestal

1. Toda persoa que observe a existencia ou comezo dun incendio está obrigada a comunicalo aos órganos administrativos con competencias en materia forestal, de protección civil ou das forzas e corpos de seguridade do xeito máis rápido posíbel.
2. As operacións de extinción dos incendios forestais, así como as respectivas operacións de remate necesarias para garantir unhas condicións de extinción axeitadas, son realizadas polo persoal pertencente ao servizo de defensa contra incendios forestais, o persoal dependente dos servizos de protección civil e por profesionais habilitados ao efecto pola Consellaría competente en materia forestal.
3. Poden participar nas operacións de extinción aínda preferentemente nas operacións de remate y especialmente en situación de incendios forestais simultáneos:
 - a. Os vixilantes da natureza das áreas protexidas, Brigadas de Comunidades de Montes, de entides locais e outros grupos que sexan recoñecidos por a Consellaría competente en materia forestal, e manteñan algunha clase de relación contractual coa mesma.
 - b. Os efectivos dos distintos corpos de bombeiros pertencentes ás entidades locais.
 - c. Os propietarios e titulares de dereitos reais e de disfrute dos terreos forestais cos medios materiais que dispoñan, ou poidan serlle postos a disposición polos servizos de extinción de incendios baixo as ordes e directrices da administración competente.
4. A participación dos medios referidos no número anterior concretarase a traves do PLADIG.
5. En situacións de emerxencia por extinción de incendio forestal poderá procederse á requisa ou ocupación temporal dos bens necesarios para a extinción, estando facultado o persoal dos servizos contra incendios forestais para o acceso a terreos privados e cantas medidas sexan necesarias para facilitar a extinción.
6. Así mesmo, a administración competente poderá proceder á execución directa de traballos preventivos nas faixas de especial protección, sen necesidade de requerimento previo, cando se declarase un incendio forestal que supoña un risco inminente para as persoas e os bens

TÍTULO VII

RÉXIME SANCIONADOR



CAPÍTULO I

INFRACCIÓNS

Artigo 51. Infraccións

Constitúen infraccións da presente Lei:

1. O incumprimento da obriga de execución dos planos municipais de defensa dos montes contra os incendios forestais nos termos previstos no artigo 15.
2. O incumprimento da obriga de presentación dos instrumentos de xestión forestal ou as súas modificacións segundo o estipulado no artigo 16.3.
3. O incumprimento da obriga de xestionar o combustíbel consonte o previsto no artigo 21.1, apartados a), b), c), d), e) e f) e 21.2.
4. Impedir o acceso para a xestión do combustíbel nos termos dos apartados 6 e 8 do artigo 22.
5. O incumprimento dos criterios de xestión de combustíbel definidos no artigo 23 da presente Lei.
6. O incumprimento das medidas de prevención para as novas edificacións e urbanizacións en zonas de alto risco de incendios forestais nos termos do artigo 24.2.
7. Realizar accións de forestación, reforestación ou reconversión forestal incumprindo o previsto no artigo 25.4.
8. A realización de repoboación forestais sen gardar as distancias mínimas establecidas no artigo 27 ou acometer usos prohibidos consonte o artigo 26.
9. Realizar accións de forestación ou reforestación sen respectar as faixas de xestión de combustíbel.
10. Depositar madeiras e outros produtos inflamábeis en lugares que non estean expresamente habilitados polo concello de acordo co previsto no artigo 21.1.
11. Depositar madeiras ou outros produtos inflamábeis nos meses de xullo, agosto e setembro sen contar coa área de salvagarda prevista no artigo 29.2 da presente lei, ou excedendo a carga de combustíbel.
12. Depositar madeiras ou produtos inflamábeis nos meses de xullo, agosto e setembro que non procedan de corte ou extracción da madeira en calquera terreo forestal.
13. O acceso, circulación e permanencia nas zonas de alto risco ou en áreas forestais ou naturais baixo xestión da Xunta de Galiza, así como, en camiños rurais ou outras vías que as atravesan en épocas de perigo alto.
14. A execución de traballos agrícolas ou forestais en épocas perigo alto nas áreas definidas no artigo 32.1 sen os dispositivos previsto no artigo 41.
15. A circulación con vehículos motorizados en camiños forestais, camiños rurais ou outras vías que atravesen as zonas descritas no artigo 32.1 en época perigo alto.
16. A realización de queimas controladas en terreos forestais sen autorización.
17. A realización de queimas controladas en terreos forestais sen a presenza de técnico autorizado, bombeiros ou equipos autorizados de acordo co previsto no artigo 37.3.
18. A realización de queimas sen cumprir as medidas preventivas ou as orientacións da Consellería competente en materia forestal.
19. O uso do lume en terreos agrícolas situados a menos de 400 metros do monte sen dispor de comunicación de queima.
20. O incumprimento da regulación sobre usos do lume prevista no artigo 38.
21. A utilización de foguetes e outras formas de lume sen ter en conta as prescricións do artigo 39.



22. A utilización de explosivos incumprindo a regulación que adopte a consellaría competente en materia forestal segundo o artigo 40.
23. O incumprimento das medidas previstas no artigo 41 na utilización de maquinaria e equipamento.
24. A aradura sen oter a autorización prevista polo artigo 42.
25. O aproveitamento de pastos en terreos forestais sen respectar os instrumentos de xestión forestal, os planos de ordenación de recursos forestais ou a normativa regulamentaria que adopte a consellaría competente en materia forestal.
26. O aproveitamento de madeira queimada sen contar coa autorización prevista no artigo 44.
27. Os aproveitamentos cinexéticos e as repoboacións cinexéticas en terreos forestais sen autorización ou incumprindo o previsto no artigo 45.
28. A realización de actividades prohibidas polo artigo 46.
29. O alleamento dos produtos procedentes de áreas incendiadas contravindo o disposto na presente lei.
30. A provocación ou tentativa de provocación dun incendio forestal concorrendo a negligencia non susceptible de persecución penal.
31. O incumprimento das instrucións dadas polos axentes da autoridade con ocasión dun incendio forestal.
32. Impedir ou non facilitar a documentación requerida polas Administracións competentes en materia de prevención e extinción de incendios.

Artigo 52. Cualificación das infraccións.

As infraccións en materia de incendios forestais cualificaranse como moi graves, graves e leves con arranxo ao previsto no presente Capítulo.

Artigo 53. Infraccións moi graves.

Constitúen infracción moi grave:

1. As condutas tipificadas no artigo 51 da presente Lei, cando orixinen incendios forestais que afecten a unha superficie cuxo prazo de reparación ou restauración sexa superior a dez anos.
2. As condutas tipificadas nos apartados 13, 14 e 15 do artigo 51 da presente lei cando o índice de risco diario de incendio forestal declarado sexa extremo.
3. A realización de queimas sen autorización tipificada no apartado 15 do artigo 51 da presente lei en época de perigo alto de incendios forestais.
4. A conduta descrita no apartado 30 do artigo 51 en grado de tentativa.
4. A reincidencia na comisión de dúas faltas graves.

Artigo 54. Infraccións graves.

Constitúen infracción grave:

1. As condutas tipificadas no artigo 51 da presente Lei, cando orixinen incendios forestais que afecten a unha superficie cuxo prazo de reparación ou restauración sexa inferior a dez anos e superior a seis meses.
2. As condutas tipificadas nos apartados 13, 14 e 15 do artigo 51 da presente lei cando o índice de risco diario de incendio forestal declarado sexa moi alto.
3. As condutas tipificadas no apartado 6 do artigo 51
4. As condutas tipificadas nos apartados 11 e 12 do artigo 51.



5. As condutas descritas nos apartados 7 e 8 do artigo 51 cando as repoboacións, accións de forestación ou repoboacións se realicen en terreos incluídos nas faixas de especial protección de núcleos de poboación.
6. A conduta prevista no apartado 31 do artigo 51 da presente Lei.
7. A reincidencia na comisión de dúas faltas leves.

Artigo 55. Infraccións leves.

1. Constitúen infracción leve as condutas tipificadas no artigo 51 da presente Lei, cando os feitos constitutivos da infracción non causen danos ou cando orixinen incendios forestais forestais que afecten a unha superficie cuxo prazo de reparación ou restauración non exceda a seis meses ou non deban calificarse como graves ou moi graves.
2. Así mesmo, constitúen infracción leve calquer outro incumprimento total ou parcial doutras obrigas ou prohibicións establecidas nesta Lei ou na súa normativa de desenvolvemento regulamentario.

CAPÍTULO II

SUXEITOS RESPONSÁBEIS E REPARACIÓN DE DANOS

Artigo 56. Suxeitos responsábeis.

1. Terán a consideración de suxeitos responsábeis das infraccións en materia de incendios forestais:
 - a. Quen realice por acción ou omisión as condutas tipificadas no artigo 51 da presente Lei, así como as persoas físicas ou xurídicas de quen dependan, cando o autor actúe por conta das mesmas.
 - b. Quen induza ou promova a realización da conducta tipificada.
 - c. Os titulares de autorizacións outorgadas co arranxo ao previsto na presente Lei responderán das infraccións que se deriven da realización das actividades autorizadas.
2. Cando exista pluralidade de responsables da infracción e non poida determinarse o grado de participación de cada un, a responsabilidade será solidaria.

Artigo 57. Reparación do dano e indemnizacións.

1. As responsabilidades administrativas que se deriven do procedemento sancionador serán compatíbeis coa esixencia ao infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ao seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e prexuízos causados.
2. A imposición de multas coercitivas, que poderán ser reiteradas, realizarase fixando un prazo razoábel para a execución da actividade esixida e con arranxo ao establecido nas letras seguintes:
 - a. Demora de tres meses no inicio das actuacións ordenadas:
 - Cento cincuenta euros por hectárea ou fracción desta.
 - b) Demora de seis meses no inicio das actuacións ordenadas, ou ben transcurso do prazo concedido no primeiro apercibimento:
 - Trescentos euros por hectárea ou fracción desta.
 - c) Incumprimento dos prazos que sucedan aos anteriores para o inicio de actuacións ordenadas:
 - Seiscentos euros cada un por hectárea ou fracción desta.
 - d) Incumprimento do prazo para finalización de actuacións ordenadas:



- Trescentos euros por hectárea ou fracción desta.
- e) Desatención dos requerimentos posteriores que se realicen por incumprimento dos prazos concedidos para finalizar as actuacións ordenadas:
- Seiscentos euros cada un por hectárea ou fracción desta.
- f) No caso de desatención de tódolos requerimentos, procederase ao embargo d apropiadade dacordo coa lexislación vixente nesa materia.

Artigo 58. Multas coercitivas, decomiso e outras medidas complementarias.

1. O órgano ao que corresponde impór a sanción é o competente para efectuar o correspondente requirimento e acordar a imposición de multas coercitivas ou a execución subsidiaria, para o suposto de que os infractores non procederan á reparación do dano ou a indemnización á que se refire o artigo 77 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes.

2. Así mesmo, de conformidade co previsto no artigo 79 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes, o órgano competente para a imposición da sanción poderá acordar o decomiso, como sanción accesoria, tanto dos produtos forestais ilegalmente obtidos como dos instrumentos e medios utilizados na comisión da infracción.

3. Segundo a gravidade da infracción e a culpa do axente, a Consellaría competente en materia forestal poderá determinar, acumulativamente coas sancións previstas no artigo 60 da presente Lei as seguintes sancións complementarias no ámbito das actividades e proxectos forestais:

Privación do dereito a subvencións ou outros beneficios outorgados por administracións públicas, ou seus organismos autónomos e as entidades de dereito público dependentes

Suspensión de autorizacións e permisos a que se refire a presente Lei.

4. As sancións referidas no número anterior teñen a duración máxima de dous anos contados a partir da resolución definitiva

5. Para efecto do disposto na alínea a) do apartado 3, a Consellaría competente en materia forestal comunicará, no prazo de cinco días, a todas as entidades públicas responsábeis da concesión de subvencións e outros beneficios a aplicación desta medida complementaria.

CAPÍTULO III PROCEDIMENTO SANCIONADOR

Artigo 59. Criterios para a graduación das sancións.

1. Na imposición das sancións aterase aos criterios de graduación sinalados no artigo 131.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

2. Atenderase igualmente á superficie afectada e ao valor atribuído a cada tipo de cobertura vexetal.

3. Considerarase circunstancia atenuante a adopción inmediata e eficaz de medidas tendentes a diminuír o dano ou prexuízo ocasionado.

4. En todo caso, poderá reducirse a sanción ou a contía da sanción, sempre e cando o infractor teña procedido a corrixir a situación creada pola comisión da infracción no prazo que se sinale no correspondente requirimento efectuado ben polo axente denunciante, polo órgano competente para a incoación do expediente sancionador ou polo órgano competente para a súa resolución.

Artigo 60. Sancións.



1. As infraccións previstas na presente Lei sancionaranse con multa establecida con arranxo aos seguintes criterios:

- a) Infraccións leves: De trescentos a mil euros.
- b) Infraccións graves: De mil un a cen mil euros.
- c) Infraccións moi graves: De cen mil un a un millón de euros.

2. A cuantía da multa non poderá ser en ningún caso inferior ao beneficio obtido polo infractor, podendo superarse a estes efectos os límites máximos establecidos no apartado primeiro do presente artigo.

Artigo 61. Competencia sancionadora.

1. Serán competentes para incoar o procedemento sancionador os Delegados Provinciais da Consellaría con competencias en materia forestal.

2. Serán competentes para a resolución dos procedementos sancionadores por infraccións tipificadas na presente Lei:

- a) O Consello da Xunta de Galiza, cando se propoña a imposición de multa que exceda de cento cincuenta mil euros.
- b) O Conselleiro competente en materia de incendios forestais, cando se propoña a imposición de multa de entre sesenta mil un e cento cincuenta mil euros.
- c) O Director Xeral competente en materia de incendios forestais, cando se propoña a imposición de multa entre seis mil un e sesenta mil euros.
- d) Os Delegados Provinciais da Consellaría con competencias en materia forestal nos demais supostos.

Artigo 62. Investigación e denuncia.

1. A Comunidade Autónoma promoverá as actuacións de investigación e esclarecemento das infraccións administrativas en materia de incendios forestais forestais, destinando os medios materiais e persoais necesarios, que se integrarán na Administración Autonómica na forma que regulamentariamente se determine.

2. Calquera persoa poderá denunciar a realización de condutas que constitúen infracción administrativa con arranxo á presente Lei.

Artigo 63. Medidas provisionais.

Iniciado o procedemento sancionador, o órgano competente para o seu incoación poderá adoptar medidas provisionais destinadas a reducir ou eliminar riscos, garantir o cese da actividade infractora ou asegurar a efectividade das medidas reparadoras que, no seu caso, puidesen esixirse.

Artigo 64. Prazo de resolución.

O prazo para resolver e notificar nos procedementos sancionadores será de seis meses.

Artigo 65. Prescrición.

1. As infraccións a que se refire a presente Lei prescribirán:

- a) As moi graves, aos cinco anos.
- b) As graves, aos tres anos.
- c) As leves, ao ano.

2. As sancións impostas con arranxo ao establecido na presente Lei prescribirán:

- a) As correspondentes a infraccións moi graves, aos tres anos.



- b) As correspondentes a infraccións graves, aos dous anos.
- c) As impostas por infraccións leves, ao ano.

TITULO VIII

TAXA DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

Artigo 66. Creación e feito impoñíbel.

Créase a Taxa de Extinción de Incendios forestais, constituíndo o feito impoñíbel a prestación de servizos de extinción de incendios a través de medios e persoal da Administración da Comunidade Autónoma, ou a cargo desta.

Artigo 67. Suxeito pasivo.

1. Terá a condición de suxeito pasivo da Taxa de Extinción de Incendios forestais, en calidade de contribuínte, a persoa física ou xurídica propietaria ou titular de dereitos reais ou persoais de uso e desfrute de terreos ou bens que se relacionan de seguido, cando solicite, se beneficie directamente ou sexa afectado de modo particular pola prestación dos servizos de extinción de incendios forestais:

- a) Terreos ou explotacións forestais
- b) Calesqueira outros bens ou actividades encravados en terreos forestais
- c) Terreos colindantes ubicados a menos de 400 metros do monte
- d) Calesqueira outros bens ou actividades situados nos terreos colindantes ubicados a menos de 400 metros do monte
- e) Terreos incluídos nas categorías de solo urbano, de núcleo rural e urbanizábel delimitados incluídos nas redes de xestión secundaria de combustíbel.

2. Concurrindo os supostos de feito previstos no parágrafo anterior, terán tamén a condición de suxeitos pasivos das herdanzas xacentes, as comunidades de bens e as demais entidades carentes de personalidades xurídica que constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de imposición

Artigo 68. Importe da taxa.

1. O importe da taxa de extinción de incendios forestais forestais calculárase partindo dunha cantidade fixa establecida en 238,85 euros, incrementada na contía, segundo a superficie afectada polo incendio forestal, por tramos acumulábeis e conforme á seguinte escala.

Superficie afectada en ha.	Importe por ha. afectada con intervención de medios terrestres	Importe por ha. afectada con intervención de medios aéreos
Ate 50 has	20	24
De 51 a 200 has	15	18
De 201 a 500 has	10	12
De 501 a 1000 Has	5	8
*As superficies situadas entre o extremo superior e inferior de tramos consecutivos consideranse dentro do tramo inferior.		

2. No suposto de que o incendio forestal afecte a terreos pertencentes a diversos titulares, o importe da taxa será satisfeito por cada propietario en proporción á superficie afectada da súa titularidade.



Artigo 69. Devengo.

O devengo da taxa producirase no momento de prestarse o servizo que dá orixe á mesma.

Artigo 70. Exencións

Estarán exentos do pagamento da taxa de extinción de incendios forestais:

1. As Entidades Locais
2. Os propietarios ou titulares de terreos e explotacións forestais e as comunidades de montes veciñais en man común que dispoñan dunha brigada de extinción de incendios forestais durante o período de alto risco de incendios forestais forestais.
3. Os propietarios ou titulares de terreos que realizasen os traballos preventivos previstos no Planos previstos nesta lei.
4. Os propietarios ou titulares de terreos e explotacións que individualmente teñan en vigor algún instrumento de planificación e ordenación preventivo.
5. Os propietarios ou titulares de terreos e explotacións forestais que manteñan libres de vexetación accesoria á masa principal e coa masa arbórea rareada, de acordo coa normativa existente ou que se desenvolva pola administración forestal, ou polos concellos, no seu respectivo ámbito de competencias.

Artigo 71. Xestión.

Corresponde á Consellaría competente en materia de incendios forestais a xestión da taxa establecida na presente Lei, sen prexuízo da labor inspectora de vixilancia e control dos órganos competentes da Consellaría de Economía e Facenda

TÍTULO IX INCENTIVOS

Artigo 72. Obxecto.

Os incentivos previstos nesta Lei poderán destinarse, de acordo coas disponibilidades orzamentarias, á realización de traballos e á adopción de medidas de prevención e loita contra incendios forestais, sexan ou non esixíbeis con arranxo ao previsto na presente Lei e demais disposicións aplicábeis. Así mesmo, poderán outorgarse para contribuir á recuperación e restauración de zonas incendiadas, nese caso a concreción do destino dos incentivos será determinada pola Consellaría competente en materia forestal.

Artigo 73. Clases.

1. Os beneficios outorgábeis con arranxo á presente Lei poderán consistir en:
 - a. Subvencións.
 - b. Anticipos reintegrábeis.
 - c. Créditos.
 - d. Calquera outro que, en desenvolvemento da presente Lei, puidese establecerse.
2. As medidas que poidan ser financiadas con arranxo á presente Lei, estableceranse reglamentariamente.

Artigo 74. Beneficiarios.



1. Terán acceso aos beneficios previstos nesta Lei todas as persoas físicas ou xurídicas, de carácter público ou privado, xa sexan propietarias ou titulares de terreos ou explotacións forestais, ou teñan concedido o seu uso e desfrute.
2. Na asignación de beneficios outorgarase preferencia a quen dispoña de instrumentos de xestión preventiva do monte debidamente aprobados con arranxo ao previsto nesta Lei

Disposicións adicionais

Primeira

Engádesse un novo artigo 48 bis á Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro, coa seguinte redacción:

" Artigo 48 bis. Coordinación do planeamento urbanístico cos instrumentos de planeamento en materia de prevención de incendios forestais.

O planeamento urbanístico deberá respectar as orientacións do Plan de Defensa contra Incendios Forestais de Galiza, e ser coherente cos Plans de Distrito, regulando o desenvolvemento urbanístico dacordo coas delimitacións das zonas de perigo que se determinen nos instrumentos de planeamento en materia de prevención de incendios forestais."

Segunda

No suposto de autorizacións relativas ás condicións de acceso, circulación e permanencia en zonas forestais, ou á realización de aproveitamentos agrícolas, gandeiros ou forestais no monte se desenvolvan en terreos calificados, segundo o artigo 9 da Lei 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza, como espazos naturais protexidos ou se atopen delimitados dentro de hábitats para a conservación de aves silvestres, conforme prevé a Directiva 79/409/CEE, do Consello, de 2 de abril de 1979, relativa á conservación de aves silvestres e o Real Decreto 439/1980, de 30 de marzo, polo que se regula o Catálogo Nacional de Especies Ameazadas, exixirse ademais informe previo da Consellaría competente en materia de medio ambiente.

Terceira.

1. Aos efectos de poder intervir axeitadamente na investigación específica das causas dos incendios forestais, a Consellaría competente en materia forestal levará un rexistro actualizado onde consten todas as investigacións iniciadas por axentes da autoridade pola provocación ou tentativa de provocación de incendios forestais. A estes efectos, as distintas administracións deberán comunicar o estado de tramitación dos expedientes xudiciais ou sancionadores, así como, no caso de remate dos mesmos, cal foi o resultado das actuacións.
2. Regulamentariamente estableceranse as disposicións relativas á estrutura, ao funcionamento, comunicacións e xestión do devandito rexistro.
3. O Regulamento a que se refire o apartado anterior estará aprobado no prazo de seis meses desde a entrada en vigor da presente Lei.



Disposicións transitorias

Primeira

A presente lei non será de aplicación á elaboración, alteración e revisión dos planos xerais de ordenación municipal que, á entrada en vigor da mesma, se atopen en periodo de información pública.

Segunda

Entanto non se publique a normativa de desenvolvemento da presente lei, permanecerá en vigor o Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais, naqueles aspectos que non contradiga a presente lei.

Terceira.

O disposto no artigo 15.7 non será de aplicación até transcorridos dous anos desde a entrada en vigor da presente Lei.

Cuarta.

Entanto non sexan aprobados os instrumentos de planificación preventiva previstos na presente Lei, a xestión de combustíbeis farase dacordo coas seguintes regras:

1. A regulación prevista na letra b) do apartado 1 do artigo 21 e os criterios de xestión de combustíbel serán aplicábeis integramente aos terreos incluídos nas faixas de especial protección dos núcleos de poboación, concedéndose un prazo máximo de un ano desde a entrada en vigor da presente Lei para a súa axeitada xestión.

Aos efectos do apartado anterior, entenderase por núcleos de poboación os núcleos rurais delimitados no planeamento urbanístico consonte o artigo 13.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro.

Terán a mesma consideración aos efectos indicados as edificacións illadas que á data de entrada en vigor da presente Lei tivesen licenza municipal ou fosen legalizadas acolléndose á disposición transitoria quinta da devandita Lei, sempre que en ambos casos se acredite a data de inicio da construción con anterioridade ás repoboacións forestais que as circunden.

Para as restantes edificacións desenvolveranse regulamentariamente os criterios de xestión de combustíbel aplicábeis.

2. A regulación prevista no apartado 2 do artigo 21 e os criterios de xestión de combustíbel serán aplicábeis integramente aos terreos incluídos na faixa envolvente de 100 metros dos cámpings, nas infraestruturas e equipamentos forestais de recreo, os parques e os polígonos industriais, e nos depósitos de lixo inseridos ou confinantes con espazos forestais, concedéndose un prazo máximo de un ano desde a entrada en vigor da presente Lei para a súa axeitada xestión.

3. A regulación prevista nas letras a),c),d),e) e f) do apartado 1 do artigo 21 e os criterios de xestión de combustíbel serán aplicábeis a longo da rede viaria, ferroviaria ou as liñas de



transporte e distribución de enerxía eléctrica, concédendose un prazo máximo de un ano desde a entrada en vigor da presente Lei para a súa axeitada xestión agás no que atinxe á retirada de especies pirófitas cuxo prazo máximo será de dous anos desde a entrada en vigor da presente Lei.

4. O incumprimento das obrigas previstas nesta disposición constituirá infracción tipificada consonte o previsto o réxime sancionador da mesma e habilitará ás administracións competentes para proceder á xestión do combustíbel de forma subsidiaria consonte o artigo 22.

Quinta.

As plantacións forestais existentes á entrada en vigor da presente Lei, e en tanto non se aproben os instrumentos preventivos, deberán acollerse ao previsto na mesma dacordo coas seguintes regras:

1. As que se atopen afectadas polas regras de xestión de combustíbel previstas na disposición transitoria cuarta, deberán axustarse ás mesmas nos prazos indicados nesa disposición.

2. As que, como consecuencia da aplicación do mesmo se atopen a unha distancia inferior ás reguladas no artigo 27 da presente Lei, disporán dun periodo de dous anos para adaptarse á citada disposición.

3. No caso de que a adaptación ás distancias reguladas neste Decreto supoña a corta total ou parcial de repoboacións que se tiveran realizado ao abeiro de axudas públicas que condicionan a permanencia das plantacións por un periodo superior aos dous anos a que fai referencia o apartado anterior, os beneficiarios deberán solicitar da Dirección Xeral competente en materia forestal, dentro dos ano seguinte á entrada en vigor desta Lei, a autorización para a tala dos exemplares que incumpran as distancias a que fai referencia o artigo 27 da mesma. A consellaría competente en materia forestal regulará os requisitos para a concesión da antedita autorización.

4. O incumprimento das obrigas previstas nesta disposición transitoria constituirá infracción tipificada consonte o previsto o réxime sancionador da presente Lei.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas todas as disposicións que contraveñan o disposto na presente Lei

Disposicións finais

Primeira

Facúltase á Consellaría competente en materia forestal para o desenvolvemento, e no seu caso, revisión dos criterios para a xestión de combustíbeis no ámbito das redes secundarias de xestión de combustíbeis, reguladas no artigo 23 da presente Lei.



Segunda

A presente Lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galiza.

Anexo

LISTADO DE ESPECIES PIRÓFITAS

Especies arbóreas

Coníferas

ESPÉCIE	Nome COMÚN	INFLAMABIL.	COMBUSTIBIL.
<i>Pinus pinaster</i> , <i>maritima</i>	piñeiro rodeno, galego	baixa a media, elev.	
<i>Pinus radiata</i>	piñeiro de monterrei	elevada	elevada

Fronzosas

ESPÉCIE	Nome COMÚN	INFLAMABIL.	COMBUSTIBIL.
<i>Acacia dealbata</i>	mimosa	media a elevada	
<i>Eucalyptus globulus</i>	eucalipto	elevada	
<i>Eucalyptus spp</i>	eucalipto	elevada	

Especies arbustivas e sub-arbustivas

ESPÉCIE	Nome COMÚN	INFLAMABIL.	COMBUSTIBIL.
<i>Calluna vulgaris</i>	uce	elevada	elevada
<i>Chamaespartium tridentatum</i>	carqueixa	elevada	elevada
<i>Cytisus spp</i>	xesta, piorno	elevada	elevada
<i>Erica spp</i>	uce	elevada	elevada
<i>Genista spp</i>	toxó	elevada	
<i>Pteridium aquilinum</i>	fento		baixa
<i>Rubus sp.</i>	silva	elevada, media	media
<i>Ulex europaeus</i>	toxó	elevada	elevada